

PLENO DO EXCMO. CONCELLO.- NUM. 2

SESION ORDINARIA DO 27 DE FEBREIRO DE 2012

ASISTENTES

POLO GRUPO MPAL. DO PSdeG-PSOE

Excmo. Sr. Alcalde
Abelairas Rodríguez, Isaura
Díaz Vázquez, Raquel
Fernández Pérez, José Manuel
Lago Rey, M^a Jesús
López Font, Carlos
Regades Fernández, David
Rivas González, Angel
Rodríguez Díaz, Santos H.
Rodríguez Escudero, Cayetano
Silva Rego, M^a Carmen

POLO GRUPO MUNICIPAL DO BNG

Alonso Pérez, Fco. Xabier
Domínguez Olveira, Santiago
Velooso Ríos, Iolanda M^a

POLO GRUPO MPAL. DO PARTIDO POPULAR

Alonso Alonso, Alexia María
Álvarez Pérez, José Luís
Araújo Pereira, Marcos
Beiro Diz, Pablo
Bernárdez de Dios, Antonio
Cendón Alonso, M^a Teresa
Egerique Mosquera, Teresa
Fidalgo Iglesias, Miguel
Figueroa Vila, José M.
García Míguez, M^a Angeles
Iglesias Bueno, Marta
Pérez Dávila, Alejandro
Relova Quinteiro, Roberto F.

No salón de Plenos da Casa do Concello de Vigo, ás nove horas e sete minutos do día vinteseite de febreiro do ano dous mil doce, coa Presidencia do Excmo. Sr. Alcalde, D. Abel Ramón Caballero Álvarez, e asistencia dos concelleiros Sres. e Sras. Abelairas Rodríguez, Alonso Alonso, Alonso Pérez, Álvarez Pérez, Araújo Pereira, Beiro Diz, Bernárdez de Dios, Cendón Alonso, Díaz Vázquez, Domínguez Olveira, Egerique Mosquera, Fernández Pérez, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, García Míguez, Iglesias Bueno, Lago Rey, López Font, Pérez Dávila, Regades

S. Ordinaria 27.02.12

Fernández, Relova Quinteiro, Rivas González, Rodríguez Díaz, Rodríguez Escudero, Silva Rego e Veloso Ríos, actuando como Secretario Xeral do Pleno que asina D. José Riesgo Boluda, constituíuse o Pleno da Excm. Corporación en sesión ORDINARIA conforme á convocatoria e segundo a orde do día remitida a todos os Sres. e Sras. concelleiros e concelleiras coa antelación legalmente requirida. Está tamén presente o Interventor Xeral Municipal, don Luis García Álvarez.

INTERVENCIÓN DA PRESIDENCIA: Bos días, señores e señoras concelleiros, tomen asento, por favor.

Iniciamos o Pleno en sesión ordinaria do Excmo. Concello, convocado por orde do día do 23 de febreiro que obra en poder dos señores e señoras concelleiros. Constátase quórum e ábrese sesión pública. Procédese coa orde do día.

PARTE RESOLUTIVA

1.- (21).- **ACTAS ANTERIORES.** (SS. ORDINARIAS DE 26.12.11 E 30.01.12)

Por unanimidade dos vinteseis membros presentes da Corporación que a constitúen de feito, acórdase aprobar as actas correspondentes as sesións ordinarias do 26 de decembro de 2011 e do 30 de xaneiro de 2012.

– (22).- TOMA DE POSESIÓN DO CONCELEIRO DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, D. ALEJANDRO PÉREZ DÁVILA.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data 9 de febreiro de 2012, Rexistro Xeral de saída do día 10 do mesmo mes, o presidente da Xunta Electoral Central expide credencial expresiva de que se designou concelleiro do Concello de Vigo a D.

S. Ordinaria 27.02.12

Alejandro Pérez Dávila, por estar incluído na lista de candidatos presentada polo Partido Popular ás eleccións locais do 22 de maio de 2011, en substitución por renuncia de dona María José Bravo Bosch

Ante o Alcalde-presidente e en presenza do Pleno da Corporación, o Sr. Pérez Dávila procede na forma ritual a xurar o seu cargo coa seguinte fórmula:

SR. PÉREZ DÁVILA: Prometo pola miña conciencia e honra cumprir as obrigas do cargo de concelleiro con lealdade a El Rei e gardar e facer gardar a Constitución como norma fundamental do Estado.

A PRESIDENCIA: Moitas gracias. Ocupe o seu escano. Benvido á Corporación e os nosos mellores desexos para o desenvolvemento da súa tarefa.

Antes de darlle a palabra ao representante do “Grupo de auto-axuda VIH-SIDA e adicción IMÁN CEDRO” quereda darlle a benvida a este Pleno ao novo interventor desexándolle os maiores éxitos no desenvolvemento das súas funcións.

- (23).- INTERVENCIÓN PERANTE O PLENO DUN REPRESENTANTE DO “GRUPO DE AUTO-AXUDA VIH-SIDA E ADICCIÓNS IMÁN CEDRO”, EN RELACIÓN COA SITUACIÓN QUE VIVEN OS INTERNOS NAS PRISIÓNS. EXPTE. 388/1101.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no rexistro do Pleno do 27 de xaneiro, número 398/1101, o coordinador do “Grupo de autoaxuda VIH-Sida e adiccións Imán-Cedro”, don Antón Bouzas Álvarez, solicita a intervención perante o Pleno da Corporación para dar lectura a un escrito sobre a situación dos internos das nosas prisións con motivo de unha xornada socio-comunitaria en defensa das persoas presas.

Don Pablo Veloso Madriñán, en representación do “Grupo de autoaxuda VIH-Sida e adiccións Imán-Cedro”, procede a ler o escrito citado co seguinte texto:

S. Ordinaria 27.02.12

“O Programa Grupo de Autoaxuda VIH-SIDA e Adicións IMÁN da unidade asistencial de drogodependencias do Concello de Vigo, desexamos iniciar esta intervención agradecéndolle ó Sr. Alcalde por termos permitido participar neste espazo de tanta importancia para o desenvolvemento político da nosa cidade.

Desexamos reflexionar sobre a masificación do Centro Penitenciario de A Lama (Pontevedra) e do Centro de Inserción Social "Carmen Avendaño" de Vigo.

O cárcere de A Lama está deseñada para acoller 1.008 internos, pero regularmente acolle ó redor de 1.900 persoas.

O Centro de Inserción Social de Vigo (CIS) da Avenida de Madrid segue sen ter un equipo multidisciplinar propio e os índices de masificación están, como no resto de Galicia, no 155%.

Calcúlase que o 25% dos internos teñen necesidades biopsicosociais por padecer patoloxías mentais; o 42% ingresan en prisión como consecuencia de patoloxías adictivas por consumo de heroína e/ou cocaína; e o 37% polo consumo de outras sustancias adictivas.

No ano 2010 o índice de persoas condenadas por delitos contra a saúde pública foi dun 27% e o 39% o foi por delitos contra o patrimonio (furtos e roubos) asociados ó consumo de drogas.

Os datos das complexas patoloxías que describimos, a masificación e o ratio de número de profesionais correspondente ós internos, fan imposible abordar con certa calidade esta realidade.

Estas carencias provocaron no ano 2010 que só a un 21% dos internos se lles fixera unha proposta individualizada de seguimento e tratamento, ou que a media de entrevistas e os equipos técnicos fora de dúas durante toda a condena. Así, a taxa de reincidencia foi en España dun 55%.

Estes datos achegados son unha síntese dos publicados por Institucións Penitenciarias, sindicatos e organizacións profesionais.

O artigo 25 da Constitución Española recolle que a pena de prisión ten como obxectivo fundamental a reeducación e a reinserción social, obxectivos que nestas condicións fanse imposibles de acadar, pola masificación e os

S. Ordinaria 27.02.12

insuficientes recursos materiais e humanos.

Incúmprese o importante principio celular recollido na Lei Xeral Penitenciaria "dun preso-unha cela"

Co fin de mellorar as condicións biopsicosociais das persoas penadas, o Consello de Ministros aprobou o 24/09/2010 un Proxecto de Ampliación do Centro de Inserción Social (CIS) de Vigo da Avenida de Madrid, que recolle a construción dun novo edificio de máis de 3.177 m², con capacidade para 150 novas habitacións, que unidas ás 66 actuais, farían un total de 216.

Transcorrido máis dun ano e cinco meses, aínda non se comezaron as obras. Recentemente os sindicatos de institucións penitenciarias informaron ós medios de comunicación que dito proxecto quedaba paralizado, dentro das políticas de recortes orzamentarios pola situación de crise económica que estamos a padecer.

Os internos dos centros penitenciarios do sur de Galicia son os nosos concidadáns, os nosos veciños e veciñas, os nosos familiares que merecen cubrir as súas necesidades biopsicosociais.

Polo exposto nesta reflexión, solicitamos ós tres grupos políticos que compoñen esta Corporación que aproben unha moción instando á Dirección Xeral de Institucións Penitenciarias a que se execute canto antes o importante e necesario proxecto de ampliación do CIS de Vigo.

A nosa presenza hoxe aquí, reconcílianos cos nosos profundos desexos de acadar unha sociedade máis xusta e humanitaria para os internos dos cárceres.

Dámoslle as gracias a todos vostedes, que seguro senten os mesmos desexos."

Non se tendo solicitado ningunha intervención por parte dos membros da Corporación, a Alcaldía-Presidencia dá as gracias pola súa presenza ao Sr. Veloso Madriñán.

2.- DECLARACIÓNS INSTITUCIONAIS.

S. Ordinaria 27.02.12

2.1.- (24).- DECLARACIÓN DO 24 DE FEBREIRO COMO “DÍA DE ROSALÍA DE CASTRO” NO CONCELLO DE VIGO.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data 27 de febreiro de 2012, os voceiros dos grupos municipais do Bloque Nacionalista Galego, Sr. Domínguez Olveira, Socialista, Sr. López Font, e do Partido Popular, Sr. Figueroa Vila, presentan o seguinte escrito para a súa aprobación polo Pleno da Corporación.

DECLARACIÓN DO 24 DE FEBREIRO DÍA DE ROSALÍA DE CASTRO

Rosalía de Castro é a escritora máis representativa da lingua e da literatura galegas. A publicación do seu libro “*Cantares Gallegos*”, o primeiro escrito integramente no noso idioma, dende a vontade firme e inequívoca do seu significado, sinala o inicio da restauración do uso escrito do noso idioma e o final de séculos de silencio e esquecemento.

A súa obra é un retrato do pobo galego e goza dunha total actualidade. Dende o século XIX Rosalía de Castro foi homenaxeada polas galegas e os galegos como a nosa poeta, pois reclamou a redención de Galicia e asumiu a voz do seu pobo, voz que guiou permanentemente a súa obra e o seu pensamento. Esta galegitude intrínseca dos seus textos, esta comunicación e entendemento permanente co seu pobo, ao se dirixir a el no seu idioma propio, foi o que a fixo tamén poeta de todos os pobos, chegando formar parte da nómina de escritoras máis destacadas da literatura universal de todos os tempos.

Por todos estes motivos a difusión do coñecemento da súa obra é necesaria para as galegas e os galegos, en especial para as xeracións máis novas que colectivamente contribuímos a coeducar, sendo a súa palabra feita poesía ou prosa reflexiva un dos procedementos máis eficaces para fomentar o amor á nosa lingua e comprender a nosa identidade cultural.

Por todo o exposto o Pleno da Corporación Municipal adopta o seguinte acordo:

Declarar o 24 de febreiro Día de Rosalía no noso Concello.

S. Ordinaria 27.02.12

A anterior declaración institucional enténdese aprobada por asentimento dos membros presentes da Corporación.

3.- DITAMES DAS COMISIÓNS INFORMATIVAS:

3.1.(25).- DAR CONTA DO INFORME TRIMESTRAL DA TESOURERÍA MUNICIPAL SOBRE O CUMPRIMENTO DOS PRAZOS PARA O PAGAMENTO DAS OBRIGAS DO CONCELLO DO 2º TRIMESTRE DO ANO 2011. EXPTE. 11371/541 (399/1101)

ANTECEDENTES.- Con data 22 de novembro de 2011, o tesoureiro do Concello, coa conformidade da concelleira delegada de Economía e Facenda, emite o seguinte informe:

“LEXISLACIÓN APLICABLE.-

- Lei 15/2010, do 5 de xullo, de modificación da Lei 3/2004, do 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais.
- Lei 30/2007, do 30 de outubro, de Contratos do Sector Público.

ANTECEDENTES.

O apartado 3º do artigo 4 da Lei 15/2010, do 5 de xullo, de modificación da Lei 3/2004, do 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais, dispón que os tesoureiros das corporacións locais elaborarán trimestralmente un informe ao Pleno da Corporación sobre o cumprimento dos prazos previstos na citada Lei para o pagamento das obrigas de cada entidade local, que incluírá necesariamente o número e contía global das obrigas pendentes nas que se estea incumprindo o prazo.

A estes efectos, o apartado 4º do artigo 200 da Lei 30/2007, de Contratos do Sector Público, na súa redacción dada pola Lei 15/2010, establece que “*A Administración terá a obriga de aboar o prezo dentro dos trinta días seguintes á data da expedición das certificacións de obras ou dos correspondentes*

S. Ordinaria 27.02.12

documentos que acrediten a realización total ou parcial do contrato, sen prexuízo do prazo especial establecido no artigo 205.4 e, se se demorase, deberá aboar ao contratista, a partir do cumprimento de devandito prazo de trinta días, os intereses de demora e a indemnización polos custes de cobramento nos termos previstos na Lei 3/2004, do 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais. Cando non proceda a expedición de certificación de obra e a data de recibo da factura ou solicitude de pagamento equivalente se preste a dúbida ou sexa anterior á recepción das mercadorías ou á prestación dos servizos, o prazo de trinta días contarase dende devandita data de recepción ou prestación."

Agora ben, segundo o disposto na disposición transitoria oitava da citada Lei de Contratos, o prazo de trinta días ao que se refire o apartado 4º do artigo 200 desta Lei aplicarase a partir do 1 de xaneiro de 2013, pois dende o 7 de xullo de 2010, data da entrada en vigor da Lei 15/2010, e ata o 31 de decembro de 2010, o prazo no que as administracións teñen a obriga de aboar o prezo das obrigas ás que se refire o apartado 4 do artigo 200 será dentro dos cincuenta e cinco días seguintes á data da expedición das certificacións de obras ou dos correspondentes documentos que acrediten a realización total ou parcial do contrato.

Pola súa banda, entre o 1 de xaneiro de 2011 e o 31 de decembro de 2011, o prazo no que as administracións teñen a obriga de aboar o prezo das obrigas ás que se refire o apartado 4 do artigo 200 será dentro dos cincuenta días seguintes á data da expedición das certificacións de obra ou dos correspondentes documentos que acrediten a realización total ou parcial do contrato.

Finalmente, entre o 1 de xaneiro de 2012 e o 31 de decembro de 2012, o prazo no que as administracións teñen a obriga de aboar o prezo das obrigas ás que se refire o apartado 4 do artigo 200 será dentro dos corenta días seguintes á data da expedición das certificacións de obra ou dos correspondentes documentos que acrediten a realización total ou parcial do contrato.

De conformidade coa disposición transitoria primeira da Lei 15/2010, a Lei aplicarase a todos os contratos realizados con posterioridade á súa entrada en vigor, polo que, en aplicación da normativa transcrita, o presente informe avalía os prazos de pagamento das facturas presentadas no 2º trimestre do exercicio 2011, isto é, dende o 1 de abril ata o 30 de xuño do ano 2011, que supuxeron o recoñecemento dunha obriga a cargo do Concello de Vigo así como a correlativa ordenación do pagamento correspondente.

Non avalía, polo tanto, o presente informe, a tramitación e pagamento daquelas facturas rexistradas no citado trimestre das que non se tramitaran polos órganos xestores, xustificadamente ou non, os correspondentes expedientes de recoñecemento da obriga, con independencia do seu estado de tramitación.

Baixo as premisas anteriores, os datos necesarios para a realización do presente informe foron obtidos da base de datos de xestión de expedientes, seleccionando os expedientes tipo *facturas* rexistrados no Rexistro Xeral dende o día 1 de abril de 2011 ata o 30 de xuño de 2011 nos que conste o trámite *orde de pagamento*. A información sobre os prazos de pagamento é a que consta nas bases de datos municipais a 22 de novembro do ano 2011, data de emisión do presente informe.

Tendo en conta o exposto con anterioridade, en cumprimento do disposto no apartado 3º do artigo 4 da Lei 15/2010, do 5 de xullo, de modificación da Lei 3/2004, do 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais, o funcionario que subscribe ten a ben emitir o seguinte

INFORME

1. Obrigas recoñecidas no 2º trimestre do ano 2011.

No 2º trimestre do ano 2011 se teñen rexistrado un total de 2.898 facturas respecto das que consta a súa aprobación e posterior ordenación do pagamento, ascendendo o importe global das obrigas recoñecidas a 43.611.661,65 euros. De ditas facturas, 2.885 (99,55%) foron pagadas con anterioridade ao 22 de novembro do ano 2011, e 13 atopábanse, por diferentes motivos, pendentes de pagamento en dita data.

2. Obrigacións pagadas en prazo.

Polo que respecta ás facturas aboadas, un total de 1.987 facturas (68,87% do total), por importe total de 35.827.999,70 euros (que representa o 82,20% do importe total) foron pagadas dentro do prazo legal de 50 días establecido na Lei de Contratos do Sector Público.

3. Obrigas pagadas fora de prazo.

Pola contra, en 898 ocasións (31,13%) por un importe total de 7.758.741,28 euros (17,80% do importe total), o pagamento realizouse nun prazo superior a 50 días dende a data na que tivo entrada a correspondente factura no rexistro xeral, incumpríndose deste xeito a obriga de aboar o prezo no prazo establecido na Lei de Contratos do Sector Público.

4. Información sobre os prazos de pagamento.

Con respecto aos prazos de pagamento das obrigas satisfeitas, poden observarse resumidamente no cadro seguinte:

PAZOS DE PAGAMENTO DAS OBRIGAS	Nº FACT.	%	IMPORTE	%
---------------------------------------	-----------------	----------	----------------	----------

S. Ordinaria 27.02.12

IGUAL OU INFERIOR A 30 DÍAS	328	11,37%	13.613.629,14 €	31,23%
ENTRE 31 E 40 DÍAS	840	29,12%	11.426.340,30 €	26,22%
ENTRE 41 E 50 DÍAS	819	28,39%	10.788.030,26 €	24,75%
ENTRE 51 E 65 DÍAS	430	14,90%	2.196.528,48 €	5,04%
ENTRE 66 E 80 DÍAS	268	9,29%	2.981.819,66 €	6,84%
SUPERIOR A 80 DÍAS	200	6,93%	2.580.393,14 €	5,92%
TOTAIS	2.885	100,00%	43.586.740,98 €	100,00%

OBRIGAS PAGADAS EN PRAZO	1.987	68,87%	35.827.999,70 €	82,20%
OBRIGAS PAGADAS FÓRA DE PRAZO	898	31,13%	7.758.741,28 €	17,80%

5. Prazo medio de pagamento.

O prazo medio de pagamento durante o 1º trimestre do ano 2011, calculado dende a data de rexistro da factura no rexistro xeral do Concello ata a data do pagamento, foi de 48,79 días.

6. Obrigas pendentes de pagamento nas que se está incumprindo o prazo.

Con respecto ás obrigas pendentes de pagamento a 22 de novembro do ano 2011, un total de 13 obrigas recoñecidas ata o 30 de xuño de 2011, por un importe global de 24.920,67 euros, teñen unha antigüidade superior aos 50 días establecido na DT 8ª Lei de Contratos do Sector Público para o aboamento efectivo do prezo correspondente, se ben 12 delas atópanse retidas como consecuencia de procedementos administrativos (premas, ...) ou xudiciais, e a obriga restante atópanse pendente de pagamento como consecuencia de non vir o acredor recoller ao Concello o cheque correspondente a pesares de se ter posto o negociado de pagadoría en contacto con el en reiteradas ocasións, polo que, na realidade, podemos afirmar que non existen obrigas pendentes de pagamento nas que se está a incumprir o prazo por causas derivadas da morosidade.

De conformidade co disposto no apartado 4 do artigo 4º da Lei 15/2010, sen prexuízo da súa posible presentación e debate no Pleno da Corporación local, o presente informe deberá remitirse aos órganos competentes do Ministerio de Economía e Facenda así como á Consellería de Facenda da Xunta de Galicia.

O que poño en coñecemento da Concellaría delegada de Economía e Facenda do Concello de Vigo, para o seu coñecemento e aos efectos oportunos.”

INTERVENCIÓN DA SRA. DÍAZ VÁZQUEZ: Como xa saben todos vostedes, o apartado terceiro do artigo 4 da Lei 15/2010, do 5 de xullo, establece unha serie de medidas de loita contra a morosidade. Entre esas medidas establécese a

obriga dos concellos de pagar nos cincuenta días seguintes á data na que se expiden as certificacións de obra ou os correspondentes documentos que acreditan a realización total ou parcial do contrato.

De acordo co informe de Tesourería que se emite con este motivo, as obrigas recoñecidas no segundo trimestre de 2011 foron 2.898 facturas que supuxeron 43.611.661,65 euros. Das ditas facturas o 99,55%, é dicir, practicamente a totalidade agás 13, pagáronse con anterioridade ao 22 de novembro do ano 2011, o que amosa a gran capacidade de pagamento que ten este Concello para facer fronte a todas as súas facturas.

O período medio de pagamento destas facturas do trimestre foi de 48,79 días, co que permanecemos dentro da lei. Precisamente esas 13 facturas que non se puideron pagar con anterioridade ao 22 de maio foi porque 12 delas están retidas por procesos xudiciais ou de embargo e nunha o provedor non veu recoller o cheque.

Por iso queremos salientar a boa situación financeira deste Concello que é quen de facer fronte a todas as súas facturas nun prazo moi reducido que non chega a eses dous meses.

Queremos salientar precisamente a situación financeira deste Concello nun momento no que nos atopamos con que a maioría dos concellos teñen facturas atrasadas sen pagar a provedores mesmo dende o ano 2007. Nun momento no que vemos que as comunidades autónomas non poden facer fronte aos gastos farmacéuticos, ao pagamento dos libeiros, aos comedores escolares, a moitos dos seus provedores.

Tamén queremos deixar constancia da nosa sorpresa polo RD 4/2012 deste venres que se publicou o sábado polo goberno de Rajoy e que vai ter unhas graves consecuencias para os concellos. De acordo con este decreto, a partir de agora todos os concellos van quedar intervidos, todos os concellos van ter que presentar as facturas atrasadas ao goberno, será o goberno quen pague estas facturas atrasadas pero os concellos van ter que presentar un plan de pagamentos, veranse obrigados ao endebedamento e o goberno retirarlles a parte do financiamento correspondente a esas facturas. É dicir, se un concello xa

S. Ordinaria 27.02.12

tiña problemas para facer fronte aos seus pagamentos anuais, agora vai ter que pagar as facturas atrasadas sen o financiamento do Estado. Este RD vaise levar por diante a todos os concellos.

Esta non é a situación de Vigo. O informe de Tesourería demostra que o noso Concello si pode facer fronte a todos os seus pagamentos e que non presenta facturas atrasadas como pode presentar a Xunta de Galicia ou concellos como o de Madrid. Nós facemos fronte a todos os pagamentos a provedores en prazo e forma. Pero o RD vai supoñer a asfixia do 99% dos concellos porque non lles vai dar financiamento aos concellos, vailles restar o financiamento, vailles obrigar ao endebedamento nun momento no que se está dicindo que precisamente se teñen que reducir os niveis do endebedamento e os concellos vanse ver obrigados a desaparecer, a restar ou deixar de prestar servizos aos cidadáns porque o goberno, que é o responsable do financiamento dos concellos, acáballes de dicir que non os vai financiar. Ese é o RD 4 de 2012.

Gracias á boa actuación dos servizos xestores e administrativos deste Concello esta non é a situación do Concello de Vigo. Este Concello fai fronte aos seus pagamentos en prazo e forma e por iso este Concello non vai ser intervido polo Estado.

Do anterior a Presidencia dá conta ao Pleno da Corporación.

3.2.-(26).- APROBACIÓN DEFINITIVA DO ESTUDIO DE DETALLE DA TRAVESÍA DO PINO NÚM. 6. EXPTE. 13281/411 (397/1101).

ANTECEDENTES.- Con data 17 de xaneiro de 2012, o técnico de administración xeral da Oficina de Planeamento e Xestión da Xerencia Municipal de Urbanismo, co visto e prace do xefe do Desenvolvemento Urbanístico e da xerente de Urbanismo, informa do que segue:

“1.- Reprodúcense os antecedentes do informe-proposta de aprobación inicial,

S. Ordinaria 27.02.12

emitido pola técnica de administración xeral o 18.05.2011, en tanto sexan coincidentes:

«Con data 26.01.2011 ten entrada no Rexistro xeral da XMU (doc. 110009235) escrito de D. José Antonio Rodríguez Rodríguez, actuando en representación da mercantil “Promociones Bonafides, S.L.”, solicitando a aprobación dun estudo de detalle en Travesía de Pino, nº 6, redactado pola arquitecta Dª Mar Martínez Boga.

Mediante notificación asinada o día 04.02.2011, o adxunto ao director da Oficina de Planeamento-Xestión comunicou que para poder informar o estudo de detalle de referencia debería presentarse a documentación reformada que detalla.

Con data 01.03.2011 (doc. 110024494) ten entrada no Rexistro xeral a documentación complementaria requirida referente á memoria e planos elaborados pola arquitecta Dª Mar Martínez Boga con visado de data 28.02.2011 do COAG (VD104374,3).

O día 26.04.2011 o técnico da Oficina Técnica de Cartografía emite o seguinte informe: “Persoados “in situ” na travesía Pino, comprobouse cas medidas en altura dos edificios referidos a ó presente expediente, son coincidentes coas representadas no plano da propiedade”.

En data 28.04.2011 o adxunto ao director da Oficina de Planeamento-Xestión emite informe no que conclúe: “A proposta presentada consiste en ordenar o volume resultante derivado das determinacións da ordenanza, nun sólido de unha, catro e oito plantas mantendo o dereito edificatorio. A ordenación proposta non altera o destino do solo, non incrementa o aproveitamento urbanístico, non incrementa a ocupación do solo e non altera as condicións urbanísticas das parcelas lindeiras”.»

II.- A Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria do 29.07.2011, aprobou inicialmente o proxecto de «Estudo de detalle Travesía do Pino nº 6», nos seguintes termos:

“PRIMEIRO: De conformidade cos informes técnicos que constan no Exp. nº 13281/411, aprobar inicialmente o «Estudo de detalle Travesía de Pino, nº 6», promovido pola mercantil “Promociones Bonafides, SL.” e redactado pola arquitecta Dª Mar Martínez Boga, con visado colexial de data 28.02.2011.

SEGUNDO: Abrir un trámite de información pública polo prazo de 20 días hábiles, mediante a publicación de anuncios no DOG e nun dos xornais de maior circulación da provincia, así como na páxina web do Concello de Vigo.

TERCEIRO: Notificar o contido íntegro deste acordo aos interesados, entre os que se contarán as comunidades de propietarios dos edificios de Avenida Alcalde Gregorio

S. Ordinaria 27.02.12

Espino nº. 8 (esquina Travesía de Pino) e Telefónica de España, S.A. (rúa Urzáiz, nº. 133), coa indicación de que non é susceptible de recurso ningún por se tratar dun mero acto de trámite.”

III. A apertura do trámite de información pública foi notificada en comparecencia persoal a Promociones Bonafides, S.L., e por correo certificado a Telefónica de España, S.A. e á comunidade de propietarios de Avda. Alcalde Gregorio Espino, nº 8, e foi publicada na web municipal e no diario Faro de Vigo do 12.08.2011 e no Diario Oficial de Galicia nº 210, do 03.11.2011.

IV. Durante o trámite de información pública non se presentou ningún escrito de alegacións, segundo consta na certificación do 20.12.2011 emitida polo xefe de Asesoramento Xurídico por delegación do secretario da Xerencia Municipal de Urbanismo (resolución do 22.09.2011), co visto e praxe da concelleira delegada da Área de Urbanismo, Cascos Históricos e Grandes Proxectos.

FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA

I. NORMATIVA EXAMINADA

- Real decreto 2/2008, do 20 de xuño, polo que se aproba o Texto refundido da Lei do solo; Boletín Oficial do Estado -BOE- nº 154, do 26.06.2008 (TRLS 2008)
- Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia; Diario Oficial de Galicia -DOG- nº 252, do 31.12.2002 (LOUGA)
- Real decreto 2159/1978, do 23 de xuño, polo que se aproba o regulamento de planeamento para o desenvolvemento e aplicación da Lei sobre o réxime do solo e ordenación urbana; BOE nº 221, do 15.09.1978 (RPU)
- Real decreto 3288/1978, do 25 de agosto, polo que se aproba o regulamento de xestión urbanística para o desenvolvemento e aplicación da Lei sobre o réxime do solo e ordenación urbana; BOE nº 27, do 31.01.1979 (RXU)
- Real decreto 1093/1997, do 4 de xullo, polo que se aproban as normas complementarias ao Regulamento para a execución da Lei hipotecaria sobre inscrición no Rexistro da Propiedade de actos de natureza urbanística; BOE nº 175, do 23.07.1997
- Plan xeral de ordenación municipal de Vigo de 2008, aprobado definitivamente por ordes da Conselleira de política territorial, obras públicas e transportes do 16 de maio de 2008 (Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra -BOP- nº 151, do 06.08.2008; DOG nº 106, do 03.06.2008) e do Conselleiro de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas do 13 de xullo de 2009 (BOP nº 175, do 10.09.2009; DOG nº 144, do 24.07.2009) (PXOM)
- Código civil; BOE nº 206, 25.07.1889 (CC)
- Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa; BOE nº 167, do 14.07.1998 (LXCA)

S. Ordinaria 27.02.12

- Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común; BOE nº 285, do 27.11.1992
- Lei 7/1985, do 2 de abril, de bases de réxime local; BOE nº 80, do 03.03.1985 (LBRL)
- Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia; DOG nº 149, do 05.08.1997 (LALGA)
- Estatutos da Xerencia Municipal de Urbanismo, na súa redacción aprobada no Pleno do Concello de Vigo do 6 de setembro de 2010 (BOP nº 193, do 06.10.2010).

II. CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

1.- Os estudos de detalle

a) Os estudos de detalle son instrumentos de desenvolvemento do planeamento cun obxecto delimitado con carácter xeral nos arts. 73 da LOUGA e 65 e 66 do RPU, e con carácter particular nos arts. 4.1.3 e 4.1.4 das normas urbanísticas do PXOM (NN.UU.)

b) As finalidades dos estudos de detalle son as seguintes (art. 73.1 LOUGA; art. 4.1.3 NN.UU.):

- completar ou readaptar aliñacións ou rasantes
- ordenar os volumes edificables
- concretar as condicións estéticas e de composición da edificación complementarias do planeamento

c) Os estudos de detalle non poderán, en ningún caso (art. 73.2 LOUGA; art. 65 RPU):

- alterar o destino urbanístico do solo
- incrementar o aproveitamento urbanístico
- reducir ou modificar as superficies destinadas a viais, espazos libres ou dotacións públicas
- prever a apertura de vías de uso público que non estean previamente recollidas no plan que desenvolven ou completan
- aumentar a ocupación do solo, as alturas máximas edificables ou a intensidade de uso
- parcelar o solo
- descoñecer ou infrinxir as demais limitacións que lles impoña o correspondente plan
- establecer novos usos e ordenanzas

O art. 65 do RPU engade que os estudos de detalle non poden aumentar a densidade de poboación establecida no planeamento, nin poderán producir prexuízos nin alterar as condicións de ordenación dos predios lindeiros, nin conter determinacións propias do plan xeral, normas complementarias e subsidiarias de

planeamento e plan parcial que non estiveran previamente establecidas nos mesmos.

d) Documentación dos estudos de detalle

Na documentación dos estudos de detalle debe incluírse, como mínimo (art. 4.1.4.2 NN.UU.):

- plano de situación no termo municipal
- plano parcelario axustado á actual delimitación das fincas existentes (escala mínima 1:500)
- planos de ordenación vixente, que reflectan a do Plan Xeral
- planos actualizados do estado dos terreos, da edificación, a vexetación e dos usos existentes, escala 1:500
- planos debidamente acoutados que reflectan con detalle a ordenación proposta, sinalando, como mínimo, as aliñacións e rasantes correspondentes á edificación e ó viario, escala mínima 1:500
- cando se modifique a disposición de volumes deberá achegarse así mesmo un estudo comparativo da edificabilidade resultante por aplicación das determinacións previstas no Plan Xeral e das que se obteñen no estudo de detalle

O art. 66.1 do RPU esixe tamén unha memoria xustificada da conveniencia do estudo de detalle e da procedencia das solucións adoptadas, e o art. 9.3.11.7 do PXOM preceptúa como que o estudo de detalle para a ocultación de medianeiras en couzada pechada debe desenvolver *“[...] a proposta alternativa de integración da edificación que adapte a volumetría deducida da aplicación directa desta ordenanza, con especificación de:*

- *Situación actual e contorno,*
- *Determinacións do Plan Xeral,*
- *Aproveitamento derivado da aplicación directa desta ordenanza e das propostas presentadas”*

2.- Procedemento

a) Segundo establece o art. 86.2 da LOUGA, os estudos de detalle serán aprobados inicialmente polo órgano municipal competente e sometidos a información pública polo prazo mínimo de 20 días mediante anuncio que se publicará no DOG e nun dos xornais de maior circulación da provincia, indicando así mesmo que, á vista do resultado da información pública, o órgano municipal aprobaraos definitivamente coas modificacións que resulten pertinentes.

b) En atención ao disposto no art. 92 da LOUGA, o acordo de aprobación definitiva do estudo de detalle deberá publicarse no DOG no prazo dun mes dende a súa adopción, e o documento que conteña a normativa e as ordenanzas no BOP de Pontevedra.

Por corresponder a aprobación definitiva ao Concello de Vigo, en atención ao disposto no art. 92.3 da LOUGA debe comunicarse o acordo de aprobación á consellería competente en materia de urbanismo e ordenación do territorio xunto con copia autenticada de dous exemplares do instrumento aprobado definitivamente con todos os planos e documentos que o integran sobre os que recaia o acordo de aprobación definitiva, debidamente dilixenciados, facendo constar o dito extremo. No anuncio de aprobación definitiva farase constar a remisión da documentación á Consellería.

As anteriores esixencias configúranse como un requisito de eficacia do acordo de aprobación definitiva, cuxo cumprimento segundo se dispón no art. 92.4 da LOUGA condiciona a entrada en vigor do instrumento de planeamento.

c) Por non se ter efectuado alegacións na fase de información pública, procede aprobar definitivamente o estudo de detalle nos mesmos termos en que foi aprobado inicialmente, consonte os informes técnicos obrantes no expediente, con estrito cumprimento das formalidades indicadas no antedito art. 92 da LOUGA.

3.- Competencia

É competente para adoptar o acordo que a seguir se proporá o Pleno do Concello de Vigo, en atención ao disposto no art. 123.1.i) da LBRL, a proposta do Consello de Xerencia de Urbanismo, segundo o disposto nos estatutos da XMU (arts. 10.1.d] e j] e 2.4.A].2).”

Visto o anterior, o técnico informante emite a proposta que se contén na parte dispositiva deste acordo.

O Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo, en sesión do día 27 de xaneiro de 2012, por maioría, ditamina favorablemente a devandita proposta.

VOTACIÓN E ACORDO.- Por unanimidade dos vinteseite membros presentes da Corporación, que a constitúen de dereito e de feito, acórdase

Primeiro.- Aprobar definitivamente o «Estudo de detalle Travesía de Pino nº 6», promovido pola mercantil Promociones Bonafides, S.L., redactado pola arquitecta D^a Mar Martínez Boga, con visado colexial do 28.02.2011.

Segundo.- Comunicar á Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas o presente acordo, xunto con copia autenticada de dous exemplares do instrumento aprobado definitivamente con todos os planos e

documentos que o integran sobre os que recaia o acordo de aprobación definitiva, debidamente dilixenciados polo secretario do Concello, facendo constar o dito extremo.

Terceiro.- Publicar o presente acordo no DOG no prazo dun mes dende a súa adopción, facendo constar no anuncio a remisión da documentación indicada no apartado anterior á Consellería, e publicar o documento que conteña a normativa e as ordenanzas no Boletín Oficial de Pontevedra; así mesmo, publicarase na páxina de internet do Concello de Vigo.

Cuarto.- Notificar o contido íntegro deste acordo aos interesados, entre os que se contarán as comunidades de propietarios dos edificios da Avda. Alcalde Gregorio Espino nº 8 (esquina Travesía de Pino) e Telefónica de España, S.A. (rúa Urzáiz, nº 133), con indicación de que o mesmo pon fin á vía administrativa e que contra el poderán interpoñer recurso contencioso-administrativo perante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia no prazo de dous meses dende a data da notificación, sen prexuízo da calquera outro que estimen oportuno.

4.- PROPOSICIÓNS MENCIONADAS NO ARTIGO 63 DO REGULAMENTO DO PLENO.

Non se presentaron.

Neste intre e en cumprimento de acordo plenario, a Corporación Municipal e máis todas as persoas presentes no salón de Plenos, postos en pé, gardan un minuto de silencio en memoria das vítimas da violencia de xénero.

5.- MOCIÓNS:

5.1.- (27).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG MANIFESTAR APOIO Á PLATAFORMA SOS SANIDADE PÚBLICA E INSTAR Á XUNTA A GARANTIR A SANIDADE PÚBLICA E MANTER A XESTIÓN PÚBLICA E

S. Ordinaria 27.02.12

DIRECTA. EXPTE. 407/1101.

5.3.-(29).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA SOLICITANDO O APOIO Á INICIATIVA LEXISLATIVA POPULAR IMPULSADA POLA PLATAFORMA SOS SANIDADE PÚBLICA. EXPTE. 409/1101.

Por indicación da Alcaldía-Presidencia, coa conformidade dos voceiros municipais, trátanse xuntamente as anteriores mocións dos Grupos do BNG e máis do PSdeG-PSOE, por ser da mesma temática.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 16 de febreiro, número 407/1101, o voceiro do Grupo municipal do BNG, Sr. Domínguez Olveira, formula a seguinte moción:

“A Plataforma SOS Sanidade Pública está a promover unha iniciativa lexislativa popular (ILP) coa finalidade de deter a política de recortes e privatizacións da sanidade pública impulsada polo actual Goberno Galego e co fin de garantir o dereito constitucional á protección da saúde dos galegos e galegas.

O artigo 43 da Constitución reconece o dereito á protección da saúde, correspondendo aos poderes públicos organizaren e tutelaren a saúde pública, mediante as medidas preventivas, as prestacións e os servizos necesarios. É competencia do Goberno da Xunta de Galicia, o desenvolvemento lexislativo e a execución da lexislación básica do Estado en materia de sanidade interior, así como en materia de Seguridade Social, excepto as normas que configuraron o seu réxime económico.

A sanidade pública constitúe -xunto co ensino e os demais servizos públicos- un elemento básico do estado social e un claro indicador de equidade e solidariedade. Nas últimas décadas, porén, estes principios aparecen cuestionados por unha campaña neoliberal de ataque e desmantelamento dos sistemas públicos de saúde. A decisión de combinar unha redución do orzamento sanitario co recurso ao sector privado para construír, restaurar, equipar e xestionar os centros sanitarios leva ao sistema a unha situación de limitación dos recursos necesarios para o mantemento da actividade dos servizos, e a un grao de endebedamento incompatible co sustento do sistema público, cando menos nas condicións actuais de universalidade e gratuidade no momento do uso, e que garanten a accesibilidade á atención de saúde e condicións equitativas para toda a poboación.

S. Ordinaria 27.02.12

A finalidade da proposición de Lei, presentada pola Plataforma SOS Sanidade Pública vía iniciativa popular, é frear esa tendencia de privatizar mediante a defensa e promoción da sanidade pública galega como garantía para a efectividade do dereito constitucional á protección da saúde.

Así pois, a proposición de Lei opta expresamente pola xestión pública directa das institucións sanitarias do Sistema de Saúde de Galicia, na liña histórica marcada pola Lei 14/1986, do 25 de abril, Xeral de Sanidade. Rexéitanse así as fórmulas de colaboración público-privada (*private finance initiative* ou concesión de obra pública), que en países do noso contorno produciron un contrastado empeoramento da calidade asistencial e un enorme aumento dos custes sanitarios.

A proposición de Lei pretende tamén mellorar o servizo público prestado á cidadanía incrementando a capacidade resolutiva en atención primaria como instrumento de achegamento dos servizos de saúde ao territorio e que terá unha grande incidencia na redución dos tempos de espera hospitalaria.

Finalmente, a proposición de Lei configura un sistema de xestión descentralizado territorialmente, promovendo a autonomía das áreas sanitarias, sen que isto supoña a renuncia a decisións centralizadas sobre cuestións concretas que melloren a efectividade das decisións.

Polo exposto, solicitamos do Pleno da Corporación Municipal a adopción dos seguintes acordos:

Primeiro.- Manifestar o apoio da Corporación municipal á iniciativa lexislativa popular impulsada pola Plataforma SOS Sanidade Pública e dar traslado do mesmo á presidenta do Parlamento de Galicia, voceiros parlamentarios e presidente da Xunta de Galicia.

Segundo.- Animar aos veciños e veciñas do noso Concello a colaborar con esta iniciativa.

Terceiro.- Instar á Xunta de Galicia e á Consellaría de Sanidade a garantir a sanidade pública como servizo universal, gratuíto e de calidade e a manter a xestión pública e directa do sistema de saúde de Galicia.”

Igualmente e por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 21 de febreiro, número 409/1101, o concelleiro do **Grupo municipal Socialista**, Sr. Rodríguez Escudero, formula a seguinte moción:

S. Ordinaria 27.02.12

“A Plataforma SOS Sanidade Pública está a promover unha iniciativa lexislativa popular (ILP) coa finalidade de deter a política de recortes e privatizacións da sanidade pública impulsada polo actual goberno galego e co fin de garantir o dereito constitucional á protección da saúde dos galegos e galegas.

O artigo 43 da Constitución reconece o dereito á protección da saúde, correspondendo aos poderes públicos organizaren e tutelaren a saúde pública, mediante as medidas preventivas, as prestacións e os servizos necesarios. É competencia da Comunidade Autónoma de Galicia, o desenvolvemento lexislativo e a execución da lexislación básica do Estado en materia de sanidade interior, así como en materia de Seguridade Social, excepto as normas que configuraron o seu réxime económico.

A sanidade pública constitúe -xunto co ensino e os demais servizos públicos- un elemento básico do estado social e un claro indicador de equidade e solidariedade. Nas últimas décadas, porén, estes principios aparecen cuestionados por unha campaña neoliberal de ataque e desmantelamento dos sistemas públicos de saúde.

A finalidade da proposición de Lei, presentada pola Plataforma SOS Sanidade Pública vía iniciativa popular, é frear esa tendencia de privatizar mediante a defensa e promoción da sanidade pública galega como garantía para a efectividade do dereito constitucional á protección da saúde.

Así pois, a proposición de Lei opta expresamente pola xestión pública directa das institucións sanitarias do sistema de saúde de Galicia, na liña histórica marcada pola Lei 14/1986, do 25 de abril, Xeral de Sanidade.

A proposición de Lei pretende tamén mellorar o servizo público prestado á cidadanía incrementando a capacidade resolutiva en atención primaria como instrumento de achegamento dos servizos de saúde ao territorio e que terá unha grande incidencia na redución dos tempos de espera hospitalaria.

Finalmente, a proposición de Lei configura un sistema de xestión descentralizado territorialmente, promovendo a autonomía das áreas sanitarias, sen que isto supoña a renuncia a decisións centralizadas sobre cuestións concretas que melloren a efectividade das decisións.

Por todo o que, no nome del Grupo Municipal do PSdeG-PSOE, solicito ao Pleno deste Concello aprobe a seguinte proposta:

Primeiro.- Manifestar o apoio do Pleno do Concello á iniciativa lexislativa popular impulsada pola Plataforma SOS Sanidade Pública e dar traslado do mesmo á presidenta do Parlamento de Galicia.

S. Ordinaria 27.02.12

Segundo.- Animar aos veciños e veciñas do noso Concello a colaborar con esta iniciativa.

Terceiro.- Instar á Xunta de Galicia e á Consellería de Sanidade a garantir a sanidade pública como servizo universal, gratuíto e de calidade e a manter a xestión pública e directa do sistema de saúde de Galicia.”

A comisión informativa de Medio Ambiente, Xuventude e Igualdade, na sesión que tivo lugar o día 20 de febreiro, ditaminou favorablemente as anteriores mocións dos Grupos municipais do BNG e do PSdeG-PSOE.

INTERVENCIÓN DA PRESIDENCIA: As mocións 5.1 e 5.3 son similares, polo tanto e se lles parece aos grupos propoñentes e ao terceiro grupo, Grupo municipal do Partido Popular, procederemos á agrupación das dúas mocións para o seu tratamento.

Coa conformidade dos voceiros dos tres grupos políticos, a Presidencia manifesta que o debate farase con intervencións de cada un dos grupos municipais cunha duración de oito minutos cada un, máis un peche de tres minutos para os grupos do BNG e máis do PSdeG-PSOE, relatores das mocións.

DEBATE.- SR. DOMÍNGUEZ OLVEIRA: Bos días a todos e a todas. Dar tamén a benvinda no nome do Grupo municipal do BNG ao novo interventor e ao novo concelleiro que acaba de tomar posesión, desexándolles a ambos os maiores éxitos no seu traballo político e do cargo de interventor.

Hoxe traemos unha moción pola sanidade xa que a Plataforma SOS da Sanidade Pública, como ben sabemos, está a promover unha iniciativa legislativa popular, coa clara finalidade de deter a política de recortes e privatizacións que, tanto o goberno do Sr. Feijóo, como o goberno do Sr. Rajoy, están a levar adiante no noso país e no Estado español.

Tense que chegar aos extremos de que unha plataforma constituída por distintos colectivos sociais, veciñais, políticos, sindicais, etc., teña que saír á rúa e solicitar

sinaturas para que se poida chegar debater esta iniciativa lexislativa popular entre outras cousas porque todos somos conscientes de que a cidadanía, a poboación, está empezando a ter moito medo.

Os distintos gobernos, tanto do Sr. Feijóo como do Sr. Rajoy, están metendo o medo no corpo daquelas persoas que teñen menos poder adquisitivo, que hoxe forman parte de colectivos de desfavorecidos. En definitiva, estes distintos gobernos estanlles metendo o medo no corpo aos traballadores e traballadoras en xeral da nosa cidade e do noso país. Estanlles metendo o medo no corpo porque constantemente se están anunciando, se están levando a cabo políticas que van nese camiño de recortar a sanidade pública, gratuíta e universal e de potenciar fórmulas de atención sanitaria privadas.

Polo tanto a cidadanía ten medo, todos temos medo de que os dereitos que nos custaron a moitos traballadores e traballadoras durante moitos anos conquistar, temos medo a que as cotizacións, o esforzo de cotización de milleiros de traballadores e traballadoras ao longo da historia, hoxe sinxelamente vaian parar a mans de empresas privadas que queren sacar tallada precisamente destas políticas neo-liberais que non fan máis ca beneficiar aos que máis teñen e prexudicar aos máis desfavorecidos.

Recortes que se están poñendo en práctica ano tras ano nos distintos orzamentos que o Sr. Feijóo presentou na nosa autonomía. Recortes que se fan manifestos naquelas comunidades autónomas onde, con gobernos do Partido Popular, se empeza a falar xa aberta e claramente do co-pagamento e de que os cidadáns non só teremos que amortizar a Seguridade Social cos nosos impostos e a través das nosas retencións, senón que ademais nos van pedir un sobre esforzo aínda maior.

Isto faise claro e evidente cando non se substitúen os profesionais que están de baixa ou as vacantes, cando seguimos tendo milleiros de problemas en atención primaria en Vigo e na súa comarca. Faise absolutamente evidente cando se colapsan os sistemas de atención por urxencias e non hai máis que ver os últimos días o que aconteceu na nosa cidade. Estamos a velo sinxelamente con algo que nos queda moi de preto: coa tremenda e escandalosa privatización do

novo hospital de Vigo, unha privatización absolutamente escandalosa que leva a que os vigueses e as viguesas, os galegos e as galegas teñamos que pagar cinco veces máis, nada máis e nada menos que 1.795 millóns de euros por un capricho, mellor dito, non por un capricho senón por querer por parte do goberno galego beneficiar ás distintas empresas privadas que conforman o consorcio que vai ter que construír ese hospital.

É dicir, reducimos camas no novo hospital, reducimos servizos, reducimos algo tan importante como un módulo de investigación ou servizos como o dos queimados que non van estar no novo hospital de Vigo, por poñer varios exemplos. Agora, iso si, dámoslle importantes beneficios a un consorcio de empresas privadas que seica agora, polas informacións dos últimos días, ata mesmo ten problemas de financiamento.

Compañeiros e compañeiras de Corporación, poderíamos seguir citando máis e máis exemplos pero non descubrimos nada novo cando dicimos que esta política non é unha política de casualidades, é claramente ideada e pensada polos gobernos de dereitas do Partido Popular para que os pequenos e medianos comerciantes, para que os traballadores e traballadoras, para que en definitiva as clases con menos poder adquisitivo teñamos que ir irremisiblemente facer negocios coas empresas privadas, a seguros privados ou a plans de pensións privados, etc. Esta é sen ningunha dúbida a estratexia que o Partido Popular, tanto a nivel do Estado como a nivel das demais autonomías onde goberna, está implantando.

Por iso e polo menos dende o BNG non nos podemos quedar parados. O Bloque Nacionalista Galego vai seguir apoiando todas e cada unha das mobilizacións que dende a Plataforma pola defensa da sanidade pública se programen, imos seguir insistindo no Parlamento español, no Parlamento galego e aquí mesmo, como estamos facendo hoxe, en que a sanidade ten que seguir sendo pública, gratuíta e universal para todos e para todas.

En todo caso, os problemas derivados das malas políticas ou das malas xestións feitas non os teñen que pagar os traballadores e traballadoras, senón que os deberían ter que pagar precisamente os causantes destas desfeitas e crises que

son esas mesmas políticas que hoxe o Partido Popular quere poñer en práctica no noso país e no Estado español.

É moi bo, así nolo parece a nós, que a cidadanía reclame os seus dereitos. É moi bo que poñamos en práctica a democracia de participación e que polo tanto se leven adiante iniciativas legislativas populares como a que propón esta Plataforma SOS pola defensa da sanidade pública.

Por iso con esta moción precisamente intentamos que a Corporación municipal por unanimidade apoie esta iniciativa legislativa popular e que claramente todos apoiemos unha vez máis, como debemos facer porque representamos os intereses da maioría da cidadanía, que nos manifestemos a favor sen dúbidas de ningún tipo dunha sanidade pública, gratuíta e universal para todos e para todas.

SR. RODRÍGUEZ ESCUDERO: Por suposto que o Grupo municipal do Partido Socialista de Galicia solidarízase e apoia esta proposta presentada pola Plataforma SOS. En primeiro lugar porque quere manifestar o seu apoio á iniciativa legislativa da Plataforma SOS. En segundo lugar para animar aos veciños e veciñas do Concello a colaborar con esta iniciativa e en terceiro lugar instar á Consellería de Sanidade da Xunta de Galicia a garantir a sanidade pública como servizo universal, gratuíta e de calidade e manter a xestión pública directa do sistema de saúde de Galicia.

É evidente que vivimos nun tempo de crise, pero este tempo de crise non pode ser a desculpa nin a coartada para dilapidar e demoler os servizos públicos que dende a época da transición se viñeron construíndo en España co apoio de todos. A democracia regresou a España coa vontade de que existira unha igualdade de oportunidades no acceso e na calidade dos servizos sanitarios. A sanidade pública universal e de calidade foi a base fundamental para o desenvolvemento do benestar e é un dos piares para asegurar a solidariedade e a equidade dentro da sociedade porque supón o esforzo das persoas con máis poder económico e máis sas, para permitir a atención sanitaria que precisan os que menos teñen e os que están enfermos.

Pero ademais a sanidade é unha panca para o desenvolvemento económico,

nestes momentos é o segundo sector económico da sociedade cunha participación no PIB de máis do 5%, cunha creación e unha dotación de emprego de media no Estado de 1.200.000 persoas e é unha das pancas de innovación e de desenvolvemento, do I+D+i.

Nos últimos anos hai unha campaña xeneralizada para desprestixiar e desmantelar os sistemas públicos coincidindo co auxe do neo-liberalismo, concretamente nas comunidades autónomas onde goberna o Partido Popular e agora no Estado. Baséase fundamentalmente na utilización da crise como desculpa, como coartada, a base de xerar uns recortes completamente indiscriminados. Esta non é unha opinión persoal nin de determinados sectores, dío ata a Asociación de Economía da Saúde que, como comprenderán, é un órgano completamente ecléctico en canto á súa composición e co suficiente prestixio. Dixérono ata os colexios profesionais ultimamente a través dunha nota onde se rebelan contra estas medidas de recortes.

Non hai ningunha medida que establecese o Partido Popular a nivel de Estado e concretamente a nivel de Galicia que vaia cara a base dunha reforma necesaria. Por suposto que o sistema precisa unha reforma, pero o que non se pode é utilizar a crise como unha coartada para establecer uns recortes indiscriminados que dean ao traste con anos nos que se construíu co esforzo de todos.

Non debemos aceptar esta deriva. As políticas que hoxe erosionan o servizo público de saúde traerannos unha sociedade menos equitativa e tamén máis inxusta, menos eficiente e menos saudable. Esta crise económica non se debe levar por diante o servizo público que máis cohesión social achega á sociedade española. Non debemos aceptar unha sanidade dual, nin consentir que haxa un sistema sanitario para pobres que derivaría rapidamente nun pobre sistema de saúde.

A grande oportunidade da crise é poder visualizar quen está comprometido socialmente coas poboacións vulnerables e é evidente que o Partido Popular a nivel do Estado e de Galicia non só non está comprometido, senón que aproveita esta crise para realmente acrecentar estas diferencias a través da demolición das bases do sistema do benestar: a sanidade pública como correctora de

desigualdades, a deliberación democrática e o modelo do Estado do benestar que aínda temos.

Non ver que as políticas de austeridade extremas danan a emerxencia da sanidade como un sector xerador de valor que promove o crecemento e a redistribución, supón un freo á cadea de innovación e desenvolvemento.

Como comprenderán non poden crear máis que perplexidade opinións como as do presidente Feijóo que o 14 de febreiro no Parlamento, realmente coido que foi un acto falido freudiano, dixo: “Non sei como pasarei á historia...”. É dicir, un presidente que leva tres anos xa ten a preocupación de se instalar na historia, e continúa: “...pero dende logo fareino como un defensor da sanidade pública”. Realmente non poden xerar máis perplexidade, incompreensión, mesmo hilaridade as opinións precisamente dunha das persoas que máis están facendo pola demolición do sistema sanitario público de Galicia.

Isto pódese constatar a través de numerosos feitos que están recollidos en todos os ámbitos profesionais, en todos os medios de comunicación e que posiblemente noutro momento poderemos recoller neste Pleno pero que xa se relataron, por iso non quero insistir máis, polo Sr. Domínguez Olveira co que non podo estar máis de acordo na súa valoración e coa súa descrición dos aspectos que ten a crise e as políticas indesexables do goberno do Sr. Núñez Feijóo.

SRA. CENDÓN IGLESIAS: O Partido Popular sempre defendeu e defenderá a sanidade pública. Coido que non temos que dar explicacións sobre este tema porque levamos máis de dúas décadas defendéndoa.

Cando queiran un posicionamento firme, positivo e ben intencionado en favor da sanidade pública, en favor dos dereitos dos cidadáns a nivel sanitario, na mellora da atención sanitaria, aí terannos, pero non nos van ter no debate nin da confusión, nin da demagogia.

Onde estaban vostedes cando nós velábamos pola sostibilidade? Todo o mundo sabía que aquí había unha débeda de 18.000 millóns de euros mentres o Partido Socialista asubiaba cara ao ar. Claro, seguramente que o que querían era agochar o maior burato da nación no seu feudo de Andalucía, tres veces superior

ao de calquera comunidade autónoma. Mentres nós tiñamos medidas velando pola sostibilidade, vostedes teimudamente sempre en contra. Verdade que non lles teño que lembrar o catálogo de medicamentos? Foi a mellor medida, a máis eficiente para salvar o sistema público. Pero vostedes estaban en contra e interpuxeron un recurso no Tribunal Constitucional. Neste propio Pleno nós pedimos a retirada dese recurso e vostedes non só non o apoiaron, senón que perderon no Pleno, incumpriron o acordo plenario e resulta que logo tiveron que loar a medida, deron volta atrás e a plaxiaron e a implantaron en toda España. Benvinda a volta atrás.

Non insistirei, pero si digo que velaremos e defenderemos sempre a sanidade pública e gratuíta. Non hai que confundir á poboación, é ruín mesturar o que é a atención sanitaria con modelos de financiamento. Nós velamos pola sanidade pública e gratuíta para todos os cidadáns vigueses, pero outra cousa son os modelos de financiamento.

O modelo de financiamento do novo hospital vai ser o pagamento aprazado e así xa o decidimos, xa o dixemos por activa e por pasiva; é o único modelo que se pode utilizar neste momento.

O que queren vostedes é a paralización do novo hospital. Co outro modelo paralizouse Asturias, Toledo... Non se pode abordar doutro xeito. Queren vostedes o atranco permanente na cidade de Vigo? Este modelo é a única maneira de construír o hospital.

Non confundan á poboación por favor, porque este é un modelo que se está practicando en todos os ámbitos de xestión e en todas as comunidades: Asturias, Madrid, Castela-A Mancha, Baleares onde o loou a ministra socialista. Non sei por que vostedes están en contra.

Sr. Domínguez, isto nada ten que ver co modelo privado que instalaron o Sr. Quintana e o Sr. Louzán en Sogaserro. Teño que lembrar para quen non o saiba que Sogaserro foi unha empresa pública con xestión privada que montou o Sr. Quintana para a xestión dos servizos socio-sanitarios. O modelo foi: o vicepresidente do goberno bipartito chama ás entidades bancarias e cunha presión brutal dinlles que ou poñen as súas residencias ao seu nome ou non

renovarían os concertos. Claudicaron todas pero por suposto que con xestión privada, con contratación dixital con suxestións do vicepresidente e obviando as listas de contratación públicas. Esta foi a xestión do Sr. Quintana, pero xa sabemos que o Sr. Quintana sempre manifestou que non era relixioso, pero pola intercesión do bendito San Xosé nestes momentos está onde máis ambicionaba estar, onde máis lle ilusionaba: na empresa privada.

Sr. Rodríguez Escudero, sabe que eu lle aprecio como colega e como persoa, pero vostede se debe á súa historia e non teño máis remedio que me referir a vostede porque presidiu o Servizo Galego de Saúde.

Non vou consentir que os socialistas nos falen de moral neste tema. Non nos van dar leccións por unha razón, porque no goberno bipartito vostedes foron os que multiplicaron os concertos coas entidades privadas. Nesta cidade vostede non só multiplicou os concertos con entidades privadas, é que subiu os prezos de todos os concertos, renovounos. Nós cando chegamos rebaixamos estes concertos ano tras ano. Vostede multiplicounos. Vostede, Sr. Rodríguez Escudero, recortou e pechou aquí servizos públicos, implantou o primeiro sistema de co-pagamento nesta comunidade autónoma, estableceuno a través dunha empresa de xestión privada que vostede potenciou á enésima potencia. Lembra a central de chamadas? Para pedir citas aos centros de saúde había que gastar moitos cartos porque as chamadas eran moi caras con esa central de chamadas que vostede implantou. Agora o goberno do Partido Popular restableceu o sistema e a xente pode chamar para pediren cita con prezos reducidos.

Falan da xestión descentralizada do sistema sanitario, as áreas integradas. Lémbrolles que o goberno do Sr. Fraga foi quen implantou a xestión das áreas integradas no Ferrol. Agora entendo perfectamente que vostedes non queiran falar da área sanitaria do Ferrol porque cando chegaron ao goberno bipartito nomearon á Sra. Busaderas que o primeiro que fixo foi mandar unha carta a todos os usuarios en lista de agarda recomendándolles que fosen operarse a un hospital privado da Coruña, hospital que dirixía a persoa que antecedeu ao Sr. Rodríguez Escudero, persoa que tivo que ser cesada porque encargou o Plan funcional do Hospital de Vigo a unha empresa da que era socia.

Vostedes deixaron aparcado o tema das áreas e agora que veu o PP, outra volta tivemos que o poñer en marcha en Ourense, A Coruña, Pontevedra. Teño aquí todo o desenvolvemento.

Falaron tamén de melloras na atención primaria. Nós ampliamos a carteira de servizos de Atención Primaria. Por suposto que estamos por esa política e estamos a desenvolvela. Voulles dicir o que se está a facer que vostede, Sr. Rodríguez Escudero, o coñece perfectamente porque traballa en Atención Primaria: Control de anti-coagulación, seguimento de embarazo, educación maternal, tac, ecografía, mamografía, endoscopia dixestiva, tele-dermatoloxía, vía rápida de cancro colo-rectal, de pulmón; agora se está implantando con protocolos a resolución en uroloxía, resonancias... Que máis queren? Claro que nós estamos por esa política, estámola implantando.

Agora dan unha conferencia de prensa sobre SOS sanidade pública e facendo denuncias, como fixeron, de tramas mafiosas, de corrupción... Se hai corrupción, se hai tramas mafiosas non dean conferencias de prensa, vaian aos tribunais pola vía penal, á Fiscalía porque iso é o que hai que facer, iso é responsabilidade política e non dean conferencias de prensa.

SR. RODRÍGUEZ ESCUDERO: Alégrome de que de toda a xestión de case catro anos o que poida relatar vostede neste Pleno sexa unha suposta privatización da central de chamadas. Non é así como vostede di, pero non vou discutir aínda que si dicir que o volvería facer.

Hai servizos que precisamente encaixan dentro do que é o modelo de cooperación público-privada e hai servizos que non entran.

Non ten nada que ver o financiamento público-privado para financiar e construír un hospital. Precisamente tamén estudamos esa posibilidade e vimos realmente que era inviable, vímolos á luz da experiencia como se debe facer, utilizando o método científico e non opinións con ideoloxías ou de intereses económicos. Digo isto pola experiencia e pola biografía internacional e sinxelamente voulle relatar unha frase duns dos maiores teóricos que non sei se vostede coñecerá, Mckee e Atun, que din: “Outra vez o Reino Unido distinguirose por exportar as súas

fórmulas (neste caso refírese aos PFI) máis aló da súas fronteiras. Outra volta o Reino Unido exportará os seus fracasos”. Xa non se está facendo no Reino Unido ningún hospital con estas características porque realmente se demostrou que non poden cumprir os fins para os que se fixeron.

Vostedes obstináronse por razóns cada vez máis nítidas de intereses. Demostreille ata a sociedade, e teño aquí a documentación, que si había recursos para facer o hospital con outra fórmula. De feito, Sra. Cendón, agora mesmo a través de SPI estase incrementando en máis de 200 millóns de euros anuais para facer outro tipo de actividades que poderían ser perfectamente a construción tanto do hospital de Pontevedra como do de Vigo.

Pero non vou caer na trampa.

O problema de seu e que xa se visualizan os recortes e a nivel presupostario son máis de 190 millóns de euros, precisamente no momento no que faría falla reforzar máis os servizos sanitarios e sociais na busca desa cohesión, precisamente cando máis fai falla para que realmente aqueles sectores que se ven máis tocados pola crise poidan acudir a un sistema sanitario, non como agora co aumento das listas de agarda que xa nin sequera poden agochar porque mesmo os colexios médicos din que a prioridade un é mentira tal e como a teñen posta. Recentemente dixeron: “A débeda con provedores, a privatización progresiva que vai aumentar e hipotecar o sistema sanitario nas próximas décadas, o abandono dos anteriores plans de saúde...”

SR. DOMÍNGUEZ OLVEIRA: Sra. Cendón, pódese debater do que queira, pero evidentemente vostede non falou de sanidade pública, gratuíta e universal, falou de non sei que outras cousas.

Hai cousas que non deben entrar na dinámica dun debate, sobre todo as cousas que se deixan a medias. D. Anxo Quintana foi vicepresidente deste país, traballou pola política deste país bastante antes de que vostede irrompera na vida política e o que sempre desexou e ambicionou foi precisamente servir ao seu país. Non sei a que ven iso de que o único que ambicionaba era estar na empresa privada. Esas palabras ditas así, sen máis, son palabras que non deberían entrar neste

debate.

Aínda que non ía falar disto dígolle que o Sr. Vicepresidente da anterior Xunta, D. Anxo Quintana, foi a persoa que a través do goberno bipartito do Bloque-Partido Socialista puxo en marcha neste país a primeira rede pública de centros de día, a primeira rede pública de escolas infantís; foi a persoa que a través dese goberno bipartito puxo en marcha por primeira vez na historia deste país unha rede de transporte adaptado para os discapacitados; foi o primeiro que puxo en marcha neste país actividades como o “xantar na casa”, etc., sempre dende o sector público.

O que vostede di sobre SOGASERSO non é verdade porque o que se fixo con SOGASERSO foi precisamente incluír na rede pública aqueles centros privados para poder controlar dende o público a asistencia sanitaria aos maiores.

Esa é a diferenza entre o que o BNG sempre defendeu e o que vostedes están a facer. Nós queremos controlar dende o público como se atende ás persoas porque non estamos falando de estradas, nin de AVEs. Claro que outras cousas se están facendo con financiamento público-privado, pero aquí estamos falando de persoas. A diferenza entre o que nós defendemos e o que vostedes fan está en que dende o público se controle ás persoas. Nós non queremos que os poderes públicos controlen ás empresas, pero que si se controle dende o público para que a asistencia ás persoas sexa sempre a mellor.

Non é certo que o hospital non se puidera financiar doutro xeito. Pregúntelle vostede ao Sr. Núñez Feijóo como se seguen financiando millóns e millóns de euros tirados na Cidade da Cultura, por poñer un exemplo.

VOTACIÓN E ACORDO: Con catorce votos a favor dos membros do Grupo municipal do PSdeG-PSOE, señores e señoras Abelairas Rodríguez, Díaz Vázquez, Fernández Pérez, Lago Rey, López Font, Regades Fernández, Rivas González, Rodríguez Díaz, Rodríguez Escudero, Silva Rego e a Presidencia, e máis dos membros do Grupo municipal do BNG, señores e señora Alonso Pérez, Domínguez Olveira e Veloso Ríos, e trece votos en contra dos membros do Grupo municipal Popular señores e señoras Alonso Alonso, Álvarez Pérez, Araújo Pereira, Beiro Diz,

S. Ordinaria 27.02.12

Bernárdez de Dios, Cendón Alonso, Egerique Mosquera, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, García Míguez, Iglesias Bueno, Pérez Dávila e Relova Quinteiro,

ACÓRDASE:

Aprobar as mocións presentadas polos Grupos municipais do BNG e do PsdeG-PSOE, instando o apoio á Plataforma SOS Sanidade Pública, animar á veciñanza a colaborar con esta iniciativa e instar á Xunta de Galicia a garantir a sanidade pública como servizo universal, gratuíto e de calidade, cos textos que se transcriben nos antecedentes deste acordo.

5.2.-(28).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA INSTANDO Á DEPUTACIÓN AO PAGAMENTO DAS DÉBEDAS PENDENTES CO CONCELLO E CON DIVERSAS INSTITUCIÓNS DA CIDADE DE VIGO. EXPTE. 402/1101.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 15 de febreiro, número 402/1101, o voceiro do Grupo municipal Socialista, Sr. López Font, formula a seguinte moción:

“Dende o goberno da Deputación de Pontevedra vense realizando unha clara política discriminatoria cara a cidade de Vigo.

A Deputación, gobernada polo PP, desatendeu diferentes acordos plenarios que demandaban investimentos por parte da Deputación na nosa cidade. Tamén fixo oídos xordos da moción aprobada por este Pleno que demandaba o apoio explícito da Deputación ao aeroporto da nosa cidade.

Nos últimos tempos esta situación discriminatoria vense agravando, dado que a Deputación non está a cumprir os seu propios convenios ou acordos xa firmados co Concello de Vigo ou con outros organismos vigueses. De todos xa é coñecido o que pasou cos cheques que a Deputación lle debía ao MARCO, que estaban no peto dun concelleiro do PP de Vigo, en vez nas arcas do MARCO. A 31 de decembro de 2011 o propio Concello de Vigo constata que a Deputación de Pontevedra non lle ingresou ao Concello o pagamento referente ao convenio asinado ca Deputación no ano 2006. E preguntámonos onde están eses cartos.

S. Ordinaria 27.02.12

É a primeira vez que unha institución pública incumpre un convenio e non procede a efectuar os pagamentos acordados. Todos os anos, o Concello de Vigo ingresa nas arcas da Deputación 1,3 millóns de euros como recargo do IAE. E por iso non entendemos cales son as razóns para que a Deputación non lle ingrese ao Concello de Vigo os 300.000 euros do convenio asinado no 2006.

Está claro que estamos ante unha decisión política de marxinar a esta cidade por ter un alcalde do Partido Socialista. Agora ben, unha decisión política non pode vulnerar a lei cun incumprimento tan flagrante como está facendo a Deputación.

E por isto, polo que propoñemos ao Pleno da Corporación o seguinte acordo:

Instar á Deputación de Pontevedra a que pague de xeito urxente todas as débedas que ten pendentes co Concello de Vigo e coas institucións e organismos vigueses.”

A comisión informativa de Economía, Facenda e Educación, na sesión que tivo lugar o día 20 de febreiro, ditaminou favorablemente a anterior moción.

Emenda presentada por escrito de data 24 de febreiro, pola concelleira do Grupo municipal do BNG, Sra. Veloso Ríos:

Engadir un novo punto co seguinte contido:

“Instar á Xunta de Galicia e ao goberno do estado a desenvolver as accións precisas para a supresión das deputacións co obxectivo de dotar de maiores recursos aos concellos e de acadar a rexeneración democrática das administracións.”

DEBATE.- SR. RODRÍGUEZ DÍAZ: Unha vez máis o Grupo municipal Socialista ten que traer a este Pleno unha reclamación para que a Deputación de Pontevedra faga investimentos e cumpra coa nosa cidade.

Queremos que os veciños coñezan que dos impostos que todos os vigueses e viguesas pagamos á Deputación aquí recibimos cero euros de investimentos. Son moitos os euros dos cidadáns de Vigo que entran na Deputación de Pontevedra. A Deputación recibe 40 millóns de euros anuais procedentes dos impostos dos vigueses e das viguesas, ademais dos 1,3 millóns de euros que lle transferimos en concepto de recargo sobre o IAE.

Insistimos en que esta Deputación gobernada polo Partido Popular segue sen atender as demandas e os diferentes acordos plenarios. Insistimos en que os investimentos que ten que facer a Deputación na nosa cidade deben levarse a cabo, ademais de cumprir os acordos que asinou por convenio.

Nos últimos tempos atopámonos cunha situación discriminatoria que se ven agravando día a día. Hai casos concretos como a falla de aboamento ao Museo de Arte Contemporánea, que logo de moito insistir e logo de ver aquí os cheques no peto de algún concelleiro, ao final se aboaron.

Pero seguen sen facer o aboamento doutras cantidades como os 300.000 euros dun convenio asinado no 2006 para facer obras na nosa cidade que aínda no 2012 non se fixeron efectivas. Sen embargo o que si se fai é eliminar convenios con distintos organismos da nosa cidade como son a Fundación Provigo ou o Marco. A Deputación anuncia nun Pleno que deixa de colaborar con estas institucións e de colaborar con esta cidade e iso que ten prorrogados os seus orzamentos, cando nin sequera ten un borrador de orzamentos. Sen facer un novo orzamento a Deputación anuncia que se retiran das distintas institucións da nosa cidade e que non farán achegas. Nós insistimos en que ten pendentes 300.000 euros para obras na nosa cidade por mor dun convenio asinado no 2006 e que unha vez máis se nega a pagar.

Estamos diante dunha nova marxinación, diante dunha decisión política de marxinar a esta cidade por teren un alcalde do Partido Socialista.

Temos que dicir que esta decisión política non pode vulnerar a lei cun incumprimento tan flagrante como está a facer a Deputación.

Propoñemos ao Pleno da Corporación o seguinte acordo: “Instar á Deputación de Pontevedra a que pague de xeito urxente todas as débedas que ten pendentes co Concello de Vigo e coas institucións e organismos vigueses”.

SRA. VELOSO RÍOS: Xa dicía o Sr. Rodríguez Díaz que unha vez máis traemos ao Pleno unha moción sobre o pagamento da Deputación ao MARCO. Verdadeiramente isto xa é como un “*déjà vu*”. Xa trouxemos aquí unha moción primeira polo pagamento das cantidades que debía a Deputación, logo polo tema

dos cheque, logo levamos outra moción no mesmo sentido ao Pleno da Deputación e a verdade é que isto empeza parecer un pouco repetitivo.

Nós dende o BNG pensamos que non é preciso estar insistindo unha e outra vez sobre o mesmo tema, centrándose unicamente na cuestión do pagamento da Deputación ao MARCO porque realmente os problemas que temos nesta cidade coa Deputación e os problemas que entendemos que temos neste país coas deputacións van moito máis aló.

Alegrámonos de que haxa unha preocupación concreta polo MARCO. Todos sabemos nesta cidade que a situación do Museo de Arte Contemporánea é grave porque, ademais de perder a colaboración da Deputación, que efectivamente tomou a decisión en Pleno de saír do Padroado do MARCO, tamén perde a achega da obra social de Caixanova que dende que é un banco evidentemente estamos sufrindo a consecuencia da que xa avisábamos dende o BNG de perder as achegas das obras sociais de Caixa Galicia e de Caixanova e xa non se conta tampouco con eses cartos.

A situación é realmente grave, como tamén o é para outros elementos fundamentais da cultura viguesa que están pasando por unha situación moi grave. Estamos falando de casos como o do Arquivo Pacheco, o do Centro de Artesanía Tradicional, o do MARCO, etc. Ogallá esta preocupación polo MARCO se traslade tamén ao resto dos elementos culturais da cidade viguesa porque boa falla nos fai que haxa unha preocupación real pola cultura do noso país e da nosa cidade que está atravesando unha situación moi grave polos recortes e o abandono pola parte de todas as administracións.

Para nós o problema non é que o Sr. Figueroa trouxese ou non cheques, orixinais ou en fotocopia en cor, porque diso xa falamos neste Pleno e no da Deputación e pensamos que xa abonda. Realmente o problema é que isto non se deixa de enmarcar nunha práctica habitual das deputacións, como ben sabemos, nas que a transparencia democrática loce pola súa ausencia. Actualmente e en momentos de crise cómpre a eficiencia e a transparencia na xestión nos recursos públicos.

Se non hai cartos na Deputación, se non hai recursos, se hai orzamentos

prorrogados, se cada vez temos menos cartos nas administracións públicas, a resposta dos gobernos non pode ser que hai que aumentar as taxas das escolas infantís, por exemplo, porque non hai cartos na Deputación. A resposta ten que ser redistribuír os recursos, buscar a eficiencia e por suposto sempre dende a transparencia democrática.

Dende o BNG o que pedimos é a desaparición das deputacións. Non estamos aquí para presentar mes tras mes mocións instando a Deputación a que faga cousas, senón que o que queremos é que dunha vez por todas desaparezan as deputacións.

Propoñemos unha emenda de engadido á moción presentada polo Grupo Socialista que di: “Instar á Xunta de Galicia e ao goberno do Estado a desenvolver as accións precisas para a supresión das deputacións co obxectivo de dotar de maiores recursos aos concellos e de acadar a rexeneración democrática das administracións”.

Para nós a desaparición das deputacións é realmente unha necesidade dende o punto de vista da eficiencia e da transparencia democrática, máis nunha cidade como a nosa que forma parte dunha área metropolitana que disque vai contar proximamente cunha lei por fin aprobada no Parlamento galego para a creación dunha área metropolitana.

Nós non estamos dispostos a multiplicar as administracións para que os recursos sexan utilizados de maneira menos eficiente, menos democrática e máis *clientelar*.

Cada vez que se fale das débedas da Deputación coa nosa cidade o que nós imos pedir é que dunha vez por todas desaparezan as deputacións e os recursos públicos sexan realmente administrados de forma eficiente e democrática.

SR. FIGUEROA VILA: Como nos últimos Plenos, unha vez máis temos unha moción recorrente. É curioso pero parece que o Concello de Vigo non se decata e non xustifica as obras.

É certo que había un convenio de dous millóns de euros pero tamén é certo que se pagaron 1.700.000 euros e que quedan exactamente 291.808 euros. O que

quero dicir aos medios de comunicación é que o goberno de Vigo non xustificou esta parte da subvención. É dicir, son tan incompetentes que non son capaces de mandar un papel á Deputación de Pontevedra para xustificar os 300.000 euros que fallan por cobrar. Ese diñeiro está consignado nos orzamentos do ano 2011 e está incorporado a través de remanentes pendentes ao orzamento do ano 2012. Voules ler o informe da Intervención e do Servizo de Cooperación da Deputación para que vexan o ridículo que fai o goberno neste Concello. É tanta a maldade, tanto o odio, tantas as ganas de enfrontamento con outras administracións como é a Deputación, que miren que son incompetentes, non son capaces de mandar un papel, recóllo eu se queren. Se queren vou logo á Intervención e recollo toda a documentación e lévoa eu na man á Deputación para que lles paguemos. Léolles o informe do interventor, D. Antonio Graña, e de D^a Marina Piñeiro Novo do Servizo de Cooperación: “Informe sobre o estado do expediente Convenio de colaboración entre o Concello de Vigo e a Deputación de Pontevedra para a cooperación económica en determinadas actuacións urbanas a realizar na cidade de Vigo”. Logo dos antecedentes di: “O prezo máximo establecido no convenio entre a Deputación e o Concello de Vigo para xustificar a subvención rematou o 31 de decembro de 2010. Na data de hoxe (24 de febreiro que foi cando pedín este informe) con cargo a este convenio aboáronselle ao Concello de Vigo 1.708.191 euros a medida que o Concello foi xustificando os investimentos. Restan por pagar 291.808 euros, importe contemplado nos orzamentos do vixente ano incorporado como remanentes en fase de “pendentes”. Non consta neste Servizo de Cooperación que o Concello de Vigo presentase a necesaria xustificación para que se procedese ao seu pagamento”. Sen comentarios. Segan vostedes mentindo, enganando e sendo tan incompetentes.

SR. RODRÍGUEZ DÍAZ: Aquí non estamos a falar só do MARCO, senón que estamos a falar de débedas e de falla de investimento da Deputación na nosa cidade.

Tamén Caixanova se retirou da Fundación MARCO pero haberá que lles preguntar

aos que apoiaron a fusión das caixas que din agora coa perda de emprego e tamén de fondos.

Na nosa cidade a Deputación de Pontevedra de 200 millóns de euros para investimentos e doutros 70 millóns de euros do plan anti-crise non hai unha soa partida onde apareza a cidade de Vigo, cero euros, e aquí teño o listado de todas as partidas de 2009, 2010 e 2011. A iso é ao que nos estamos a referir aquí.

Agrádame que o voceiro do Partido Popular recoñeza que debe douscentos noventa e oito mil e pico de euros. Polo menos xa recoñece que teñen a débeda.

Aquí xa non estamos a falar de que non fan novos investimentos ou de que na nosa cidade vexamos investimentos procedentes dos orzamentos da Deputación, senón que nin o comprometido son capaces de aboar. Cando se lles insiste dende aquí, eliminan a partida como fixeron coa da Fundación Provigo ou coa da Fundación do Museo de Arte Contemporánea.

Insistimos en que son moitos os millóns que achegan os vigueses e as viguesas á Deputación de Pontevedra.

Si estamos a ver que mentres se seguen realizando gastos. Como anécdota podemos ir ás resolucións do presidente da Deputación de finais de xaneiro e principios de febreiro e vemos que hai 70.000 euros para a promoción da Festa do Cocido de Lalín ou a contratación por parte de Presidencia para o seu Gabinete de dúas maquetistas. Preguntamos no último Pleno que eran dúas maquetistas e ninguén nos explicou que era iso. Temos tamén unha viaxe a China para acudir a un certame da camelia. Niso si se gasta o orzamento a Deputación, pero en investimentos necesarios para os veciños e veciñas de Vigo non vemos nin un euro.

Insistímoslles, señores do Partido Popular, fagan fronte ás súas obrigas con esta cidade, aos compromisos que teñen e comprométanse tamén con investimentos para o benestar da nosa cidadanía. Seguirémosllo reclamando unha vez, outra e outra ata que fagan caso.

O Grupo municipal Socialista acepta a emenda que propón o Bloque Nacionalista Galego.

VOTACIÓN DA EMENDA FORMULADA POLA SRA. VELOSO RÍOS: Con catorce votos a favor dos membros do Grupo municipal do PSdeG-PSOE, señores e señoras Abelairas Rodríguez, Díaz Vázquez, Fernández Pérez, Lago Rey, López Font, Regades Fernández, Rivas González, Rodríguez Díaz, Rodríguez Escudero, Silva Rego e a Presidencia, e máis dos membros do Grupo municipal do BNG, señores e señora Alonso Pérez, Domínguez Olveira e Veloso Ríos, e trece votos en contra dos membros do Grupo municipal Popular señores e señoras Alonso Alonso, Álvarez Pérez, Araújo Pereira, Beiro Diz, Bernárdez de Dios, Cendón Alonso, Egerique Mosquera, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, García Míguez, Iglesias Bueno, Pérez Dávila e Relova Quinteiro, acórdase aprobar a emenda formulada pola concelleira do Grupo municipal do BNG, Sra. Veloso Ríos, co texto que se transcribe anteriormente.

VOTACIÓN E ACORDO: Con catorce votos a favor dos membros do Grupo municipal do PSdeG-PSOE, señores e señoras Abelairas Rodríguez, Díaz Vázquez, Fernández Pérez, Lago Rey, López Font, Regades Fernández, Rivas González, Rodríguez Díaz, Rodríguez Escudero, Silva Rego e a Presidencia, e máis dos membros do Grupo municipal do BNG, señores e señora Alonso Pérez, Domínguez Olveira e Veloso Ríos, e trece votos en contra dos membros do Grupo municipal Popular señores e señoras Alonso Alonso, Álvarez Pérez, Araújo Pereira, Beiro Diz, Bernárdez de Dios, Cendón Alonso, Egerique Mosquera, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, García Míguez, Iglesias Bueno, Pérez Dávila e Relova Quinteiro,

ACÓRDASE:

Primeiro.- Instar á Deputación de Pontevedra a que pague de xeito urxente todas as débedas que ten pendentes co Concello de Vigo e coas institucións e organismos vigueses.

Segundo.- Instar á Xunta de Galicia e ao goberno do estado a desenvolver as accións precisas para a supresión das deputacións co obxectivo de dotar de maiores recursos aos concellos e de acadar a rexeneración democrática das administracións.

5.3.- (29).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA SOLICITANDO O APOIO Á INICIATIVA LEXISLATIVA POPULAR IMPULSADA POLA PLATAFORMA SOS SANIDADE PÚBLICA. EXPTE. 409/1101.

A presente moción tratouse xuntamente coa presentada polo Grupo municipal do BNG que figura no punto 5.1 da orde do día, figurando transcrita nese punto.

5.4.- (30).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA INSTANDO DA XUNTA DE GALICIA UN PLAN DE DESENVOLVEMENTO DE PROXECTOS DE I+D+i POR UN VALOR DE 200 M €. EXPTE 410/1101.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 16 de febreiro, número 407/1101, o voceiro do Grupo municipal do BNG, Sr. Domínguez Oliveira, formula a seguinte moción:

“A Unión europea concedeu a Galicia 360 millóns de euros dos seus fondos tecnolóxicos, a falta de menos de dous anos para o fidedigno do seu vencemento, a Xunta non ten definida a inversión do 56% da partida presupostada.

En Galicia e especialmente en Vigo existen innumerables proxectos tecnolóxicos en ebulición. Mostra diso é o recente lanzamento do Xatcobeo, que levou estes días á esfera máis internacional o selo dos grandes profesionais e investigadores que temos nosa cidade e por extensión o gran capital humano e tecnolóxico co que conta Galicia.

En España se destina o 1,39% do PIB a I+D+i, cifra que se exportamos a Galicia baixa ao 0,96%. Son cifras que non podemos asumir. Pasan xa máis de tres anos dende que o Sr. Feijóo está no goberno e non coñecemos cal é súa proposta nese sector. O que coñecemos é unha cifra paupérrima de inversión.

A innovación é a clave para o desenvolvemento das cidades. É necesario e urxente poñer en funcionamento políticas de innovación. Apostar polo desenvolvemento do vehículo eléctrico, apostar pola innovación na construción naval, apostar pola innovación no sector téxtil e no sector pesqueiro e apostar

S. Ordinaria 27.02.12

polo futuro da cidade e polo futuro de Galicia porque todo o que é bo para Vigo é bo para Galicia.

O goberno do Sr. Feijóo ten que ser capaz de desenvolver proxectos de innovación, algúns deles iniciados xa pola anterior Xunta presidida por Emilio Pérez Touriño, como por exemplo o campus de excelencia, campus do mar. Ese proxecto foi quen de xuntar moitos vectores para o seu desenvolvemento, Universidade, Concello, Porto de Vigo, Zona Franca... Porque era e é un proxecto estratéxico para o futuro. Tres anos para poñer en marcha o deseño da ETEA é moito tempo.

Galicia non se pode permitir perder 200 millóns de euros pola ineficacia da Xunta de Galicia. A innovación é a aposta máis segura para saír da crise. Galicia dispón duns cimentos sólidos, CETAG, AIMEN, GRADIANT, ANFACO... Moitos e moi bos profesionais.

Temos o capital humano e a tecnoloxía, falta a capacidade política e a aposta do Sr. Feijóo.

ACORDO

1.- Instar á Xunta de Galicia para a elaboración dun plan de desenvolvemento de proxectos de I+D+i por un valor de 200M Euros con prazo de execución anterior ao 31 de decembro de 2013.

2.- Instar á Xunta de Galicia a incluír un incremento nos presupostos das partidas destinadas a I+D+i que polo menos nos sitúe na media do Estado, que nestes momentos está en el 1,39% do PIB.”

Emenda de substitución formulada en escrito de data 27 de febreiro polo concelleiro do Grupo Popular, Sr. Álvarez Pérez:

Instar ao Concello de Vigo a apoiar ás empresas, centros tecnolóxicos e á Xunta de Galicia a alcanzar tres obxectivos irrenunciáveis que marcarán o futuro da economía galega e viguesa:

- 1.- Innovación
- 2.- Internacionalización
- 3.- Mellora competitiva

E este apoio deberá ser con medidas concretas de colaboración dende o Concello.

S. Ordinaria 27.02.12

DEBATE.- SR. REGADES FERNÁNDEZ: A Unión Europea concedeulle a Galicia 360 millóns de euros dos fondos tecnolóxicos. A falla de menos de dous anos para o seu vencemento a Xunta non ten definido o investimento do 56% desta partida orzamentaria.

En Galicia e especialmente en Vigo existen innumerables proxectos tecnolóxicos en ebulición, mostra diso é o recente lanzamento do Xatcobeo que levou estes días á esfera máis internacional á nosa cidade, o selo de grandes profesionais e investigadores que temos na nosa cidade e por extensión o gran capital humano e tecnolóxico con que conta Galicia.

En España destínase o 1,39% do Produto Interior Bruto a innovación, desenvolvemento e investigación, cifras que se exportamos a Galicia baixan ao 0,96%. Son cifras que non podemos asumir e que Galicia non se pode permitir.

Pasados xa máis de tres anos dende a chegada do Partido Popular e do Sr. Núñez Feijóo á Xunta de Galicia o goberno segue sen definir e sen ter un plan de innovación, un plan de desenvolvemento, de investigación e innovación. Nós non o coñecemos, Galicia non o coñece e a cidade de Vigo tampouco.

É a cidade, os concellos, as universidades, as entidades privadas as que fan a innovación neste territorio. A innovación é clave para o desenvolvemento das cidades. É necesario e urxente dotar políticas de innovación, apostar polo desenvolvemento do vehículo eléctrico tan importante na nosa cidade cunha factoría que está indo por este camiño como é a Factoría Peugeot-Citröen instalada na nosa cidade.

Apostar pola innovación na construción naval, no sector téxtil, no sector pesqueiro; apostar pola innovación é o futuro da nosa cidade, pénseno e convezan aos señores da Xunta de Galicia porque é apostar tamén polo futuro de Galicia. Apostar por Vigo e apostar tamén por Galicia.

O goberno do Sr. Núñez Feijóo non é quen de desenvolver proxectos de innovación. Non podemos entender como de 365 millóns de euros non é quen de investir, de desenvolver, de programar 200 millóns de euros.

Pedímoslles aos señores do Partido Popular de Vigo que convezan á Xunta de Galicia, ao presidente Núñez Feijóo, de que a innovación é futuro, que teremos

que innovar para facer unha nova Galicia e un Vigo de futuro. Como por exemplo o campus de excelencia, o campus do mar. Ese proxecto foi quen de unir moitos vectores da nosa cidade e de Galicia, distintas universidades, Concello, Porto, Zona Franca, Xunta de Galicia. Por que o anterior presidente do Partido Socialista, D. Emilio Pérez Touriño, foi capaz e por que o Partido Popular non é capaz?

Tendan a man á innovación, desenvolvan. Queremos unha Galicia moderna, que mire cara Vigo e tamén cara ás cidades.

Era un proxecto estratéxico para o futuro e tres anos despois da chegada do Sr. Núñez Feijóo ren de ren, isto é co único que nos atopamos agora cando era un proxecto de innovación e de investigación.

O único que lles interesa a vostedes, señores do Partido Popular, é poñer vivenda e non investigar; vivenda nun espazo da cidade na que temos 1.600 vivendas protexidas e 1.000 vivendas libres na súa contorna. No noso modelo nin vivenda nin porto deportivo. Nós queremos investigación, queremos desenvolvemento e queremos innovar porque queremos a esta cidade e queremos a Galicia.

Señores do Partido Popular de Vigo, aposten pola innovación, aposten por este proxecto que é moi importante para o noso desenvolvemento. O Concello de Vigo está no proxecto da Cidade do Mar e foi un dos seus impulsores ao igual ca Universidade, ca Xunta de Galicia, ao igual que todas as institucións que apostamos por este proxecto porque cremos que este é o futuro e apostaremos por el e seguiremos apostando por el, pero sen vivenda nesa zona.

Non hipotequen o futuro da Cidade do Mar, da ETEA, aposten por unha ETEA de innovación, que sexa un referente tecnolóxico, unha ETEA que sexa un referente de innovación.

Señores do Partido Popular, Sr. Figueroa, eu pídolles que defendan esta cidade, que defendan esta postura. Non podemos entender que cada vez que se teñen que poñer ao carón de Vigo prefiran poñerse ao carón do Partido Popular e das directrices que marcan dende Santiago. Sentan a terra, sentan a cidade e o futuro porque Vigo ten moito futuro.

SR. ALONSO PÉREZ: Alá polos finais dos 80 e principios dos 90 eu traballaba no

mantemento dunha central analóxica de tecnoloxía sueca, Ericsson. Resulta que Galicia foi un dos primeiros lugares onde se empezou dixitalizar as centrais. O que fixo o goberno Fraga foi apoiar economicamente a dixitalización das centrais, por suposto con tecnoloxía importada. Mercábamnos centrais a Holanda, Suecia, Estados Unidos..., aos países que investigaban. Pola contra os suecos (que diferente mentalidade á do Partido Popular) investigaban, exportaban centrais e mantiñan as centrais electro-mecánicas no seu propio país porque daban máis emprego. Fíxense que diferenza de mentalidade.

O Partido Popular fai reformas laborais para despedir, para que haxa menos emprego e en canto á investigación non saben que é iso.

Xa ven que diferenza. Hai países que invisten en investigación, exportan royalties pero sen embargo se preocupan de que os seus traballadores teñan emprego e foron os países que mantiveron as centrais electromecánicas.

O goberno Fraga, un auténtico desastre en innovación, non sabía que era iso que ademais non daba votos. Dos anos 2000 ao 2005 nas estatísticas do INI o investimento en investigación e desenvolvemento do goberno Fraga foi entre o 0,6 e o 0,8% en porcentaxe de gastos en I+D respecto ao PIB. Como iso non daba votos ao goberno Fraga non lle interesaba.

Tivo que vir un conselleiro do BNG cunha Consellería de Innovación e Industria, D. Fernando Blanco, á parte ex-compañeiro meu de Telefónica, que si sabía da importancia da innovación e do desenvolvemento. Por primeira vez houbo un plan en I+D.

Se me permite, Sr. Alcalde, quéro lle explicar á Sra. Cendón que mentres que o Sr. Fraga investía o 0,6 do PIB en innovación, D. Fernando Blanco que vostede preguntaba quen era, pasouno a un 25%, multiplicou por dous o diñeiro para investigación e desenvolvemento, ademais fixo un programa que todo o mundo pode recoñecer porque por primeira vez o esforzo en I+D+i conseguiu ser unha locomotora para o pulo económico.

Este é o verdadeiro camiño e non o de facer precariedade laboral: investir en I+D.

Agora as políticas do PP volven ao pasado. Agora púxose en risco a continuidade

dos novos investigadores, recórtanse os fondos asignados ás universidades, carécese dunha estratexia. No ano 2009 só se executou nun 55% a partida do Plan galego en I+D+i co goberno Feijóo rebaixáronse novamente os orzamentos en I+D+i nun 98,6%.

Cando goberna o Partido Popular a política de I+D+i é un desastre. A experiencia do goberno bipartito e a experiencia dun conselleiro do BNG que mostrou o camiño tirárona por terra. Volvemos ao pasado. Por iso o BNG vai aprobar a moción do Partido Socialista.

SR. ÁLVAREZ PÉREZ: Estimado Sr. Regades, é increíble como o descoñecemento e a ignorancia en materia de I+D+i pódenos levar interpretar mal artigos publicados anteriormente en prensa para traer ao Pleno mocións que prexudican á nosa cidade de Vigo.

Os datos que vostede achega do 1,39% de media española en relación ao PIB, confrontándoo co 0,96% en Galicia son datos do ano 2010, son consecuencia do Plan Incite 2006-2010, un plan de I+D+i do goberno bipartito. A partir do 2011 comezaranse ver os resultados dun novo e máis eficiente Plan I2C.

Parece que aquí os que investigan son vostedes e esquecen que a investigación se leva a cabo polos grupos de investigación das universidades, polos grandes centros tecnolóxicos que temos e sobre todo polas empresas que utilizan esta investigación, esta I+D+i sobre todo á hora das súas melloras competitivas, na innovación e na mellora de todos os seus procesos.

Para que poida ver o compromiso da Xunta de Galicia coa I+D+i relátolle que se incrementou un 7,35% a partida de investimento en I+D+i nos orzamentos do ano 2012 e traio un gráfico para que se poida ver claramente. Plan Incite 2006-2010: 830 millóns de euros. Plan I2C 2011-2015: 1.200 millóns de euros.

Aquí estamos para defender a Vigo e os seus intereses, aos seus cidadáns, ás súas empresas, aos seus autónomos, aos seus traballadores e a buscar solucións para os máis de 32.000 parados. Debería saber, Sr. Regades, que a contribución da comarca de Vigo ao PIB de Galicia é aproximadamente dun 23,5% e que de cada dez euros que se invisten en I+D en Galicia case cinco acaban na comarca

S. Ordinaria 27.02.12

de Vigo. Se nesgamos os datos como fixo vostede anteriormente cos de Galicia, obtemos que a comarca de Vigo destina un 1,74% do PIB a I+D+i, moi superior á media nacional dun 1,39%. Isto é posible polos grandes centros de investigación que temos, os grandes centros tecnolóxicos. Estamos falando de CECOPECA, de CTAG, de AIMEN, de Gradiant, estamos falando dos grupos de investigación da Universidade e da gran cantidade de empresas que están facendo I+D en Vigo. Cando vostede mediante esta moción, estando en Vigo moi por riba da media, está solicitando unha relación do 1,39%, para quen? Para Vigo que estamos nun 1,74%? Estamos aquí nun Pleno para defender os intereses de Vigo, non para os esnaquizar. Por que solicita unha redución na relación do investimento de I+D+i sobre o PIB? Non o entendo. Entendo que isto é froito de non saber que é o I+D+i, de descoñecer como funciona toda a estrutura de investigación de Galicia.

Falou de apostar polo vehículo eléctrico. Está claro que descoñece o Plan Movega de axuda aos vehículos eficientes cunha dotación de máis dun millón de euros entre o 2009 e o 2010, cun incremento maior para o 2011 e unha colaboración continua con Citroën e CTAG por parte do goberno do noso presidente Feijóo.

Falou do naval, un sector que vostedes abandonaron e o único que fixeron foi fotografías para saír en prensa. Que me di de Vulcano? E doutros moitos estaleiros que de non seren polas xestións do goberno do noso presidente Feijóo e máis concretamente polo noso conselleiro de Industria, D. Javier Guerra, nestes momentos xa non existirían. Atrévase a ir a Vulcano e saia desa gaiola de cristal onde supostamente traballa. Vulcano o que precisa é traballo, barcos.

Sobre o téxtil entendo que tampouco tivo ningunha conversa co sector, senón o descoñecemento do Plan estratéxico Visión 2020 do téxtil non tería ningún sentido.

A Xunta está facendo un grande esforzo por acadar empresas máis competitivas, porque só as empresas e os países máis competitivos serán capaces de saír antes da situación de crise na que nos atopamos.

O Plan I2C, como xa comentei anteriormente, ten unha dotación ata o 2015 de 1.200 millóns, sen embargo vostede na súa moción está solicitando 200 millóns

de euros de aquí ao 2013. Como dixerimos iso? Pódeme explicar como pode ser que a Xunta teña previsto o investimento de 1.200 millóns de euros a catro anos e vostede pida só 200 millóns a dous? Non entendo. Hai algo que se nos escapa completamente, Sr. Regades. É dicir, estamos a falar de que a Xunta vai investir un promedio de 600 millóns de euros en Galicia nos vindeiros dous anos, dos que aproximadamente 300 millóns van acabar en Vigo, e vostede pide 200 millóns? Por un exercicio de responsabilidade nos vemos obrigados a presentar unha emenda cun texto alternativo que inste ao Concello a apoiar ás empresas, aos centros tecnolóxicos e á Xunta de Galicia e acadar tres obxectivos irrenunciáveis que marcarán o futuro da economía galega e viguesa: innovación, internacionalización e mellora competitiva.

SR. REGADES FERNÁNDEZ: Vemos que hoxe os señores do Partido Popular están enfadados e preocupados. Non é para menos. Ignorancia, maldade, odio..., foron palabras que escoitamos neste Pleno. Eu creo que moitas veces quen chama ignorante aos demais no seu seo ten a ignorancia.

Claro que o Partido Socialista pode ir ao sector naval, claro que pode ir a Vulcano porque mentres o goberno socialista de España do Sr. Zapatero investiu 400 millóns de euros no naval, vostedes investiron escasamente 40. Deixen de facer demagogia e de xogar coas cifras.

Claro que non coñece vostede como está o noso tecido porque cando fala cos colaboradores da innovación esquece citar ANFACO ou AIMEN e isto é porque son descoñecidos para vostedes.

Cando chegou o Sr. Núñez Feijóo á Xunta de Galicia recortou a innovación en máis dun 50%, pero cando chega o Partido Popular ao goberno do Estado o primeiro que recorta son os dereitos dos traballadores e o segundo en innovación e en bolsas para o desenvolvemento porque vostedes non cren na innovación nin na investigación. Vostedes cren na cultura do "*pelotazo*".

Insistímoslles en que non nos podemos permitir non seguir innovando nesta cidade porque Vigo é innovación, é unha cidade intelixente, está dentro das cidades máis innovadoras de Europa. Xa se encargou este goberno de que Vigo

sexa unha cidade que estea dentro do Smart City. As súas súas comunidades autónomas non cren neste modelo.

Dixo que a Xunta se engade á intelixencia. Sr. Fidalgo non se poña nervioso porque teñen que apostar pola innovación. Déixense da cultura do “pelotazo” porque agora temos que gobernar e mirar cara ao futuro. Os cidadáns de Vigo queren un futuro serio e non o “pelotazo” das vivendas na ETEA, o que queren alí é investigación, desenvolvemento, ciencia; non queren construtores nin promotores que é o que queren os señores do Partido Popular.

Entendo que se poñan nerviosos porque esas son as bases para xerar emprego, para saír desta crise. A vostedes vailles moi ben con este sistema e por iso non queren saír desta crise.

Volvemos dicir que queremos que a Xunta de Galicia aposte pola innovación, que polo menos eleve as súas porcentaxes de innovación ao 1,39% que é a media do Estado.

Tamén queremos que sexan capaces de desenvolver o proxecto europeo ao 100%, que sexan capaces de innovar, de desenvolver os 360 millóns que se lle deron á Xunta de Galicia.

Faremos un seguimento de cerca porque o goberno de Vigo quere seguir innovando nesta cidade e neste país.

Non a aceptamos a emenda de substitución presentada.

Ao non seren aceptada a emenda presentada polo concelleiro do Grupo Popular, Sr. Álvarez Pérez, a Presidencia non a somete a votación.

VOTACIÓN E ACORDO: Con catorce votos a favor dos membros do Grupo municipal do PSdeG-PSOE, señores e señoras Abelairas Rodríguez, Díaz Vázquez, Fernández Pérez, Lago Rey, López Font, Regades Fernández, Rivas González, Rodríguez Díaz, Rodríguez Escudero, Silva Rego e a Presidencia, e máis dos membros do Grupo municipal do BNG, señores e señora Alonso Pérez, Domínguez Olveira e Veloso Ríos, e trece votos en contra dos membros do Grupo municipal Popular señores e señoras Alonso Alonso, Álvarez Pérez, Araújo Pereira, Beiro Diz,

Bernárdez de Dios, Cendón Alonso, Egerique Mosquera, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, García Míguez, Iglesias Bueno, Pérez Dávila e Relova Quinteiro,

ACÓRDASE:

Aprobar a moción formulada polo concelleiro do Grupo municipal Socialista, Sr. Regades Fernández, instando da Xunta de Galicia un plan de desenvolvemento de proxectos de I+D+i por un valor de 200 m €, co texto que se transcribe nos antecedentes deste acordo.

6.- ASUNTOS URXENTES.

6.1.-(31).- MOCIÓN URXENTE BNG SOLICITANDO DA CORPORACIÓN O REXEITAMENTO DA REFORMA LABORAL. EXPTE. 408/1101.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 20 de febreiro, número 408/1101, o voceiro do Grupo municipal do BNG, Sr. Domínguez Olveira, formula a seguinte moción:

“O Goberno central vén de aprobar unha ampla reforma do réxime laboral, que suporá unha mudanza substancial no réxime de relacións laborais en Galicia.

O Real Decreto-Lei 3/2012, do 10 de febreiro, de medidas urxentes para a reforma do mercado laboral, socava as bases sobre as que se asentaban as relacións laborais, contendo medidas concretas que, xa dende a súa entrada en vigor, limitan os dereitos dos traballadores e traballadoras, tanto no que atinxe aos seus dereitos económicos como á súa capacidade de negociación laboral.

Porén, como o propio Goberno vén afirmando, esas medidas non contribuirán de xeito directo a xerar emprego nin a mellorar a estabilidade laboral das persoas que na actualidade ocupan postos de traballo en precarias condicións. Confírmase así, que o verdadeiro programa de Goberno do PP é aplicar unha política económica ao servizo de quen máis teñen, en prexuízo das maiorías sociais cuxo sustento depende do seu traballo. Constátase que o verdadeiro propósito do Goberno actual consiste en empregar a crise económica como pretexto para atacar os dereitos dos traballadores e traballadoras, rebaixando as súas condicións laborais.

S. Ordinaria 27.02.12

A reforma laboral aprobada debilita a posición das persoas traballadoras ao tempo que reforza os poderes de dirección da empresa, outorgándolle capacidade para interpretar e desenvolver de xeito unilateral as condicións de traballo pactadas tanto a nivel individual en contrato de traballo como as derivadas de acordos globais sustentados na negociación colectiva. Dese xeito, a nova regulación laboral:

- Reduce as indemnizacións por despedimento improcedente case nun terzo, afectando tamén a dereitos consolidados de traballadores e traballadoras contratados hai anos.
- Estende as posibilidades de abaratar os despedimentos, ao ampliar os supostos para poder extinguir contratos laborais por mor de causas obxectivas, en base mesmo a situacións conxunturais dunha empresa e non estruturais.
- Permite a aplicación de medidas de flexibilización interna de xeito unilateral por parte das empresas que favorecerán dende a extensión de regulacións de emprego, pasando pola mobilidade xeográfica forzosa, até mesmo a imposición obrigatoria de redución de xornadas e salarios.
- Desampara ás persoas traballadoras no caso dos despedimentos colectivos, ao eliminar o control da administración laboral na aprobación dos expedientes de regulación de emprego, obrigando a acudir a un control xudicial, tamén máis limitado.
- Crea un contrato indefinido específico, denominado “de apoio aos emprendedores”, mais aplicábel ao 99 por 100 da empresas en Galicia, que permite o despedimento libre e gratis total durante o primeiro ano.
- Racha co sistema de negociación colectiva sectorial e territorial, que beneficiaba ao colectivo de traballadores e traballadoras que desenvolven a súa profesión en actividades análogas ao homologar as condicións e traballo con independencia da empresa concreta onde traballan, deixando en mans da dirección empresarial a desvalorización das condicións de traballo reguladas nos convenios de ámbito supraempresarial.

A reforma laboral imposta de xeito unilateral polo Goberno central terá un impacto negativo nas condicións de traballo e económicas das persoas traballadoras neste Concello, que son a maior parte da nosa poboación e merecen dun respaldo institucional perante o ataque emprendido contra os seus dereitos, que forman parte das conquistas sociais atinxidas en beneficio das maiorías sociais.

O noso Concello debe expresar o seu rexeitamento a esta reforma laboral que, lonxe de ser equilibrada como se afana en difundir -con afán de confundir- o Goberno central, en realidade mingua dereitos regulados en normas públicas que favorecerían ás persoas traballadoras, para que fiquen a vontade das decisións empresariais e desposuídos de calquera capacidade de negociación e presión para mellorar as súas condicións socioeconómicas.

Polo exposto, solicitamos do Pleno da Corporación Municipal a adopción do seguinte acordo:

1.- Manifestar o rexeitamento da Corporación municipal á reforma laboral aprobada polo Real Decreto 3/2012, do 10 de febreiro, instando ao Goberno central a:

- Proceder á derogación de dita norma.
- Acometer unha mellora das relacións laborais, en base ao consenso e negociación cos representantes sindicais, que protexa ás persoas traballadoras fronte á precariedade laboral e inclúa estímulos reais para a xeración de emprego de xeito inmediato.

2.- Comunicar o presente acordo aos grupos parlamentarios do Congreso de Deputados e Parlamento de Galicia, Presidente do Goberno do Estado e Presidente da Xunta de Galicia.”

A PRESIDENCIA: Hai unha moción urxente do BNG solicitando da Corporación o rexeitamento da reforma laboral presentada en tempo para aparecer neste punto.

Posteriormente o Grupo Socialista presentou tamén unha moción urxente co mesmo fin que non aparece na orde do día. Pregúntolle ao voceiro do Grupo Socialista se mantén a inclusión ou se se dá por conforme coa do BNG.

SR. LÓPEZ FONT: Dámonos por conformes coa do BNG. Basicamente estamos de acordo no fondo e polo tanto non a sometemos a votación.

A PRESIDENCIA: Cómpre polo tanto a votación da urxencia da moción do BNG. Propoño que fagamos agora esta votación e, de seren favorable á súa incorporación, procederemos ao debate.

VOTACIÓN DA URXENCIA: Por unanimidade dos vinteseite membros presentes da Corporación, que a constitúen de dereito e de feito, ó se acadar a maioría absoluta esixida polo artigo 51 do texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local aprobado por real decreto lexislativo 781/1986, do 18 de abril, e artigo 83 do regulamento de organización,

funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, aprobado por real decreto 2568/86, do 28 de novembro, apróbase a declaración da urxencia da moción.

DEBATE.- SR. ALONSO PÉREZ: O goberno central ven de aprobar unha ampla reforma laboral que suporá unha mudanza substancial no réxime de relacións laborais en Galicia. Esta é unha reforma laboral que abarata os despedimentos, viola o dereito de negociación colectiva e preme á baixa os salarios. Parece que nos queren devolver aos traballadores ao século XIX.

Por todos estes motivos o BNG vai facer unha campaña de explicación do que significa a reforma. Ademais, como con toda claridade esta reforma dá razóns para unha folga xeral, imos apoiar a folga xeral do día 29 de marzo convocada pola CIG.

A reforma laboral é realmente un saqueo á clase traballadora. Xa no ano 2010 o PSOE fixo unha reforma laboral que, como todas, se xustificaba para crear emprego. Un ano e medio despois tivemos 1.100.000 parados máis.

Coa entrada do Partido Popular no goberno, o primeiro que fai é conxelar o salario mínimo, subirlles o IRPF aos traballadores e traballadoras e agora nos ven cunha reforma de demolición dos dereitos no traballo.

O ministro, D. Cristóbal Montoro, dicía o outro día que non se pode simplificar a reforma dicindo que abarata o despedimento. Ten razón o Sr. Montoro porque non se pode simplificar así a porque a reforma é moito máis ca iso. En primeiro lugar a reforma é unilateral, non se negocia cos sindicatos saltándose o órgano de representación dos traballadores e das traballadoras. Crea moita máis mobilidade xeográfica dos traballadores sinxelamente por razóns relacionadas coa competitividade. Supón modificacións substanciais das condicións de traballo como a da contía salarial.

Inclúe que as modificacións substanciais das condicións de traballo poderán afectar ás condicións recoñecidas aos traballadores no contrato de traballo en acordos ou pactos colectivos outorgadas por estes en virtude dunha decisión unilateral do empresario de efectos colectivos. Sempre é o empresario quen decide.

Inclúe a suspensión da contratación e a redución da xornada entre un 10 e un 70% por causas económicas; a inaplicación de convenios colectivos, a empresa poderá descolgarse do convenio colectivo; prioridade dos convenios colectivos de empresa. A regulación das condicións establecidas nun convenio de empresa terá prioridade de aplicación respecto do convenio sectorial, estatal, autonómico ou de ámbito inferior nas materias máis importantes que regula o convenio: a contía do salario, o aboamento ou compensación de horas extras, o horario, etc. Esta reforma facilita o despedimento colectivo por causas económicas. Poderase facer un despedimento colectivo por perdas actuais ou previstas ou a diminución persistente do nivel de ingresos ou vendas. Desapareceu desta frase a expresión “que poidan afectar á súa viabilidade ou á súa capacidade de manter o volume de emprego”.

A partir da reforma laboral non se pode un poñer enfermo porque o despedimento por enfermidade común ou accidente non laboral, se caes en situación de incapacidade temporal, se caes de baixa, se te pos enfermo, se faltas oito xornadas nun prazo de dous meses ou vinte xornadas nun prazo de catro meses pode ser motivo de despedimento.

Hai un abaratamento brutal da indemnización por despedimento improcedente, pasa de 40 a 33 días de salario, pero á maioría se lle vai poder aplicar un despedimento de 20 días de salario por ano traballado cun máximo de 12 días. Isto supón unha enorme perda económica para os traballadores. Por exemplo, a un traballador que estea quince anos nunha empresa cun salario de 1.100 euros poderano despedir por 10.000 euros.

SR. RODRÍGUEZ DÍAZ: Estamos diante dun goberno do Estado do Partido Popular que na campaña electoral dicía unha cousa pero rapidamente se prestou a facer xustamente o contrario. Unha desas cousas foi aprobar este Real decreto lei do 10 de febreiro de 2012 que ademais se aprobou sen a preceptiva consulta e sen previa información aos axentes sociais. Esta é unha reforma laboral reaccionaria que crea as condicións para que calquera traballador ou traballadora sexa despedido de xeito fácil, rápido e barato.

O propio Sr. Rajoy recoñeceu que esta reforma non creará emprego. Iso é certo. Ningunha reforma laboral fixo medrar o emprego se non ven acompañada de crecemento económico.

Con este “*decretazo*” o goberno carga sobre os traballadores unha desregulación do mercado laboral que os empobrece e os deixa a mercede das decisións empresariais.

Este goberno do PP optou por unha política de estímulo do despedimento, non buscou ningún outro instrumento para a creación de emprego. Con esta reforma abarátase o despedimento que inclúe tamén aos máis de nove millóns de traballadores que teñen un contrato ordinario, elimina a ultra actividade dos convenios colectivos, é dicir, en dous anos todos os traballadores estarán cos mínimos dereitos establecidos no Estatuto dos Traballadores coa consecuente perda de dereitos adquiridos.

Esta é unha reforma inxusta cos traballadores, tamén ineficaz para a economía e inútil para a creación de emprego.

En definitiva, a reforma laboral non vai resolver a grave crise que sofre a economía española e non vai rebaixar a alta taxa de paro existente. O que si vai supoñer é unha degradación das condicións de traballo, un empobrecemento da poboación e un ataque á propia cohesión social. Esta reforma vai derivar nun incremento do número de despedimentos, rebaixas nos salarios dos traballadores que van afectar moi negativamente ao consumo das familias, deprimirá a demanda interna e en consecuencia producirá diminucións do Produto Interior Bruto, o que á súa vez suporá máis desemprego.

Insistimos en que esta é unha reforma ineficaz dende a perspectiva do emprego porque favorece o despedimento e con iso o aumento do desemprego. É inxusta porque os traballadores perden dereitos e porque dá todo o poder aos empresarios sobre os traballadores ademais creando neles unha inseguridade.

O Grupo municipal Socialista está de acordo coa proposta do Bloque Nacionalista Galego, pero se procede engadiríamos unha emenda “*in voce*”: no punto dous, onde di: “Comunicar o presente acordo aos grupos parlamentarios do Congreso dos Deputados, Parlamento de Galicia, presidente do goberno do Estado e

presidente da Xunta de Galicia”, engadir: “á ministra de Traballo e aos representantes dos axentes sociais”.

SRA. GARCÍA MÍGUEZ: Queriamos dar a benvinda unha vez máis aos alumnos da escola de linguaxe de signos, ao novo interventor e por suposto ao noso compañeiro Alejandro Pérez.

Comentaba o Sr. Rodríguez Díaz que a degradación das condicións de traballo se producen con esta reforma laboral. Esa degradación producírona vostedes nos seus oito anos de goberno en que deixaron 5.300.000 parados. Esa si que é unha degradación das condicións de traballo. Son palabras do Sr. Rodríguez Díaz que non son miñas.

A reforma laboral é una reforma histórica, profunda e valente, realizada nun tempo extraordinario: nos cen primeiros días de goberno do Sr. Rajoy. Temos que cambiar en profundidade, dar unha alternativa, dar unha solución e unha oportunidade aos españois que non teñen traballo. O dereito do traballador no artigo 35 da Constitución que vostedes tanto critican, que é inconstitucional a reforma, é a ter traballo e vostedes o que fixeron foi acabar co traballo de 5.300.000 españois.

Debemos sumármonos á loita contra o paro, non estamos para perder o tempo con demagoxias sindicalistas do século XIX cando se falaba da rica burguesía que oprimía ao obreiro explotado. Están con esa lectura do empresario, da burguesía explotadora contra o pobre obreiro proletario explotado. Rematou esa época, señores, temos un fin común, o empresario e o empregado teñen un fin común que é manter unha empresa para poder dar de comer aos seus fillos. Ese é o único fin que debemos ter todos e se vostedes fosen minimamente responsables, tanto o PSOE como o BNG apoiarían a reforma laboral e calquera das medidas que o goberno da Xunta de Galicia está a tomar para crear emprego.

Vostedes non fixeron nada nos seus oito anos de goberno pero tampouco fan nada no Concello de Vigo porque estamos constantemente a debater temas da Xunta de Galicia e do Goberno central que non nos competen e non presentan nin unha soa moción apoiando calquera medida para mellorar o emprego na

nosa cidade. Fíxense na orde do día de hoxe, é vergoñento, estamos a perder o tempo.

O Partido Popular dende hai oito anos oía unha música e púxolle a letra. Se non lles gusta esa letra o que poden facer é ir ao Parlamento, ir ás Cortes e alí, cos seus deputados e os seus senadores, traballar para cambiar ou achegar solucións a este decreto lei porque aínda non se aprobou, deixaron un tempo prudencial para que se poida debater. Igual é que non o saben, aprobouse como proxecto de lei para seren debatido nas Cortes e alí é onde teñen que facer as súas achegas, tanto o BNG coma o Partido Socialista.

Invítolles a que as fagan porque estamos desexando escoitarllas. O único que fan é mobilizar ás masas na contra do Partido Popular e ademais din que van informar. Non, infórmalles o Partido Popular. Señores, temos 5.300.000 parados; vostedes cren que a un rapaz que leva tres anos sen traballo dinlle que ten a oportunidade de traballar durante un ano aínda que quizais non teña indemnización ao remataren o contrato pero quizais poida traballar durante máis dun ano. Prefire traballar ou vir á manifestación? Maxino que preferirá ter traballo.

Exactamente igual que o descolgue co convenio. O traballador non pode negociar co seu propio xefe, teñen que vir os iluminados dos Sres. Méndez e Toxo, os sindicatos, resolverlle o problema.

A intervención da Sra. García Míguez foi interrompida en varios momentos polos membros da Corporación, tendo que pedir silencio reiteradamente a Presidencia e chamando á orde á Sra. Abelairas Rodríguez e ao Sr. Figueroa Vila.

SRA. GARCÍA MÍGUEZ: Moitas gracias. Como dicía maxino que o propio empregado saberá negociar perfectamente co empresario vendo cal é a situación e o problema que ten a empresa porque se unha empresa está nunha situación complicada, o xefe falará co empregado e diralle: Que se pode facer para solucionar o problema? Descolgámonos do convenio?

Perfectamente porque o que quere a xente é traballar, non pensar en como

enriquecer aos sindicatos porque estiveron moito tempo calados e, saben por que? UXT e Comisi3ns emb3lsanse douscentos mill3ns de euros en subvenci3ns p3blicas cada ano e estaban caladi3nos. Te3no un gr3fico que amosa todas as subvenci3ns medrando, ti3nan que estar calados para que as 5.300.000 persoas non dixesen nada e non sa3sen 3 r3a. Que fixeron os sindicatos? Por que non sa3an? O Sr. Rajoy acaba de aprobar un decreto lei para solucionar o problema e vostedes din que non porque son os sindicatos quen te3nen que negociar. O fascismo 3 o de seu.

Neste intre a Presidencia volve pedir silencio aos membros da Corporaci3n.

SRA. GARC3A M3GUEZ: Se3ores, a prioridade do Partido Popular 3 crear emprego.

SR. ALONSO P3REZ: Estamos a discutir unha reforma laboral e eu digo que 3 falso e que non houbo nin un s3 argumente por parte do Partido Popular que demostrara que a reforma laboral 3 para crear emprego. Iso 3 falso.

Efectivamente hai persoas que non saben o que significa o avance e o que se conseguiu de melloras para toda a sociedade gracias ao movemento obreiro e 3 s3a organizaci3n. Pensan que hai que demoler iso porque 3 pasado; eu digo que o que 3 pasado 3 facer unha reforma laboral contra os traballadores para facer o despedimento m3is barato, para pagar peores salarios e para inducir a unhas relaci3ns laborais individualizadas, onde o traballador e a traballadora non se poidan reunir e buscar nunha negociaci3n aberta entre as d3as partes, porque esta reforma laboral 3 unha reforma de parte, nada m3is que 3 para defender aos empresarios e iso non pode ser que un partido pol3tico coma o Partido Popular, se po3na de parte dunha minor3a da sociedade para baixar salarios e despedir m3is barato 3 maior3a da sociedade.

Nin un s3 argumento que demostre que isto 3 para crear emprego porque 3 falso. Ademais o Partido Popular est3 a cometer unha irresponsabilidade hist3rica porque non se vai crear demanda 3 pequena e mediana empresa para a que cre que legisla, porque efectivamente cre que 3 para ese sector da sociedade, pero 3

un erro porque no momento en que baixan os salarios cae a demanda, imos seguir na espiral da pobreza e o Partido Popular que non ten ideas nin iniciativas ven aquí insultar, mentir e dicir falsidades.

O único que está a dicir é que a reforma é para crear emprego e iso é dunha ignorancia supina porque non hai ningún argumento que diga que pode crear emprego despedir máis barato ou baixar os salarios. Que alguén o demostre, que dea argumentos en vez de descualificacións, que o explique e deixen de facer demagogia porque xa está ben de, no canto de argumentar as cousas, continuamente mentir e insultar.

O BNG vai apoiar a folga do día 29 convocada pola CIG porque cremos que non se pode volver ao século XIX e que un partido político lexisle para unha minoría da sociedade, que lexisle só a favor dos empresarios. Os traballadores e traballadoras, o pequeno comercio, os pequenos empresarios tamén son sociedade e o Partido Popular non pode tomar posición ao carón da minoría social contra a maioría da sociedade.

Emenda formulada in voce durante o curso do debate polo concelleiro do Grupo Socialista, Sr. Rodríguez Díaz:

Engadir ao apartado 2º da moción que tamén se traslade o acordo á Ministra de Traballo e representantes dos axentes sociais.

A Presidencia somete a votación o texto da moción co engadido proposto polo concelleiro Sr. Rodríguez Díaz.

VOTACIÓN E ACORDO: Con catorce votos a favor dos membros do Grupo municipal do PSdeG-PSOE, señores e señoras Abelairas Rodríguez, Díaz Vázquez, Fernández Pérez, Lago Rey, López Font, Regades Fernández, Rivas González, Rodríguez Díaz, Rodríguez Escudero, Silva Rego e a Presidencia, e máis dos membros do Grupo municipal do BNG, señores e señora Alonso Pérez, Domínguez Olveira e Veloso Ríos, e trece votos en contra dos membros do Grupo municipal Popular señores e señoras Alonso Alonso, Álvarez Pérez, Araújo Pereira, Beiro Diz,

S. Ordinaria 27.02.12

Bernárdez de Dios, Cendón Alonso, Egerique Mosquera, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, García Míguez, Iglesias Bueno, Pérez Dávila e Relova Quinteiro,

ACÓRDASE:

Primeiro.- Manifestar o rexeitamento da Corporación municipal á reforma laboral aprobada polo Real Decreto 3/2012, do 10 de febreiro, instando ao Goberno central a:

- Proceder á derogación de dita norma.
- Acometer unha mellora das relacións laborais, en base ao consenso e negociación cos representantes sindicais, que protexa ás persoas traballadoras fronte á precariedade laboral e inclúa estímulos reais para a xeración de emprego de xeito inmediato.

Segundo.- Comunicar o presente acordo aos grupos parlamentarios do Congreso de Deputados e Parlamento de Galicia, Presidente do Goberno do Estado e Presidente da Xunta de Galicia, Ministra de Traballo e representantes sociais.

PARTE DE CONTROL

1.- TOMA DE COÑECEMENTO DOS ACORDOS OU RESOLUCIÓNS DOUTROS ÓRGANOS MUNICIPAIS OU DE INFORMES OU ESCRITOS QUE ASÍ O REQUIRAN.

1.1.- (32).- DAR CONTA DE RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA.

Dáse conta ó Pleno da Corporación das resolucións asinadas pola Alcaldía-Presidencia, entregadas na Secretaría Xeral do Pleno para a súa incorporación ó correspondente Libro de Resolucións, entre as datas 26 de xaneiro e 23 de febreiro de 2012.

S. Ordinaria 27.02.12

1.2.- (33).- DAR CONTA DE RESOLUCIÓNS ASINADAS POR CONCELLEIROS/AS DELEGADOS/AS.

Dáse conta ó Pleno da Corporación das resolucións asinadas polas concellerías delegadas, entregadas na Secretaría Xeral do Pleno para a súa incorporación ó correspondente Libro de Resolucións, entre as datas 26 de xaneiro e 23 de febreiro de 2012.

2.- COÑECEMENTO DOS INFORMES CITADOS NO ART. 38.2.M.4º DO REGULAMENTO DO PLENO.

Non se presentaron.

3.- COMPARENCIAS DE MEMBROS DA CORPORACIÓN.

Non se efectuaron.

4.- MOCIÓNS.

4.1.- (34).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL POPULAR INSTANDO A ACTIVACIÓN DE TODOS O SERVIZOS DO PLAN DE EMPREGO 2008-2011 E ELABORAR UN NOVO PLAN 2012-2015, ASÍ COMO OUTROS EXTREMOS RELACIONADAS CO EMPREGO. EXPTE. 403/1101.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 15 de febreiro, número 403/1101, a concelleira do Grupo municipal do PP, Sra. García Míguez, formula a seguinte moción:

“Pasaron cinco anos dende o incumprimento de Pleno emprego do Alcalde de Vigo. O incremento de desempregados neste tempo foi notable, con máis de 13.000 novos parados dende o ano 2007.

Nestes catro anos, elimináronse no Concello de Vigo todos os recursos de

S. Ordinaria 27.02.12

fomento de emprego: o Servizo de Intermediación Laboral SIL, o Servizo de Orientación Laboral e o Servizo de asesoramento a emprendedores entre outros.

Ademais reduciuse o orzamento desta área nun 20% este 2011.

Por todo isto, o Grupo municipal Popular somete a consideración do Pleno a aprobación do seguinte acordo:

- 1.- Activar todos os servizos do Plan de emprego 2008-2011 e elaborar un novo Plan de emprego 2012-2015.
- 2.- Facilitar o acceso aos emprendedores vigueses ao financiamento a través do micro-crédito.
- 3.- Implantar o tele-traballo no Concello de Vigo adecuándoo ás características e necesidades de cada servizo.”

A comisión informativa de Emprego e Participación Cidadá, na sesión que tivo lugar o día 20 de febreiro, ditaminou favorablemente a anterior moción.

DEBATE.- SRA. GARCÍA MÍGUEZ: Esta é unha moción en positivo, de proposta, para a cidade, unha moción que cremos que vai repercutir positivamente no maior problema que temos na nosa cidade e por suposto en Galicia e en España, o problema do paro.

Vigo ten máis de 33.000 persoas en situación de desemprego, é unha das cidades de Galicia que ten máis paro e cremos que deben empezar a tomar medidas neste asunto, deixar de criticar á Xunta de Galicia e ao Goberno central. De feito o outro día a alcaldesa de Mos comentábanos que alí se traballa por Mos, non se están a presentar mocións nin de crítica á Xunta de Galicia nin cara ao Goberno central, soamente traballan pola cidade porque efectivamente o máis importante para vostedes ten que ser Vigo e se teñen problemas a maiores ou hai algo que lles desguste, acheguen a solución onde o teñan que facer, este non é o sitio. Aquí o único que poden facer e ruído, ter un titular na prensa e pouco máis pero a realidade é ben distinta.

A nosa proposta como xa dixen é unha proposta en positivo, débese reactivar o Plan de emprego de 2008-2011 que está totalmente morto dende hai máis dun

ano e comezar o traballo co Plan do 2012-2015 para a súa aprobación que nos gustaría que fose no Pleno para que dende o Partido Popular poidamos facer as nosas achegas. Supoño que ao BNG tamén lle interesaría.

No novo Plan gustaríanos que se inclúisen medidas de activación de emprego, de apoio ao emprendedor, viveiros de emprego, solo industrial, difusión de axudas a outros programas, financiamento para o desenvolvemento empresarial e que houbo algunha feira de emprego coma hai en moitas outras cidades de Galicia, que haxa servizo de apoio ao emprendedor, fomento do cooperativismo e unha chea de medidas que coido que poden fixarse noutros concellos lindeiros. Como xa lles teño dito noutras ocasións hai concellos de 1.800 habitantes que nos superan con moito nas súas medidas, capacidades e na súa intención de mellora do emprego e de capacidade de acción.

No punto segundo o Grupo Popular solicita o financiamento dos emprendedores vigueses a través de micro-créditos. Non hai ningún concello en Galicia pero si hai numerosos concellos no resto de España que están a facelo. Sería unha medida pioneira moi importante a ter en conta, enfocada sobre todo a Pymes porque non esquezamos que o 90% das empresas que hai na nosa cidade son Pymes. Os concellos de Adeje, Málaga, Santander ou Xixón teñen esta medida de micro-créditos de apoio aos emprendedores. Son persoas en situación de traballo ou parados, que non teñen avais nin garantías para acceder a estes pequenos créditos e que, a través dun convenio que poida facer o Concello con algunha entidade financeira, se lles pode resolver o problema puntual nun momento dado. Os créditos non soen chegar a un máximo de 30.000 euros e a idea é achegar estabilidade laboral ao emprendedor e ás persoas que poida chegar contratar.

É moi importante que dende o Concello de Vigo se poida financiar e apoiar e cremos que debe terse moi en conta neste novo Plan de emprego 2012-2015.

Outra medida fundamental cremos que é o tele-traballo. No artigo 6 do novo decreto aprobado polo Sr. Rajoy contéplase o traballo a distancia, que sempre foi algo que queda moi bonito no papel pero que nunca se levou a cabo ou en moi poucos concellos ou administracións públicas. Cremos que é moi importante

S. Ordinaria 27.02.12

que se implante no Concello de Vigo para todos os traballadores e traballadoras que queiran adherirse a esta opción. Debemos ser un exemplo para outras administracións e para as empresas privadas.

Os obxectivos son moi claros: a conciliación laboral e familiar, a rendibilidade e marcar obxectivos, así coma unha calidade no servizo e unha mellora na atención aos cidadáns a través deste tele-traballo.

Coidamos que son unhas propostas de traballo en positivo e, vendo que estiveron máis de cinco anos mirando cara outro lado nesta materia e a súa desidia constante, cremos que é moi importante teñan a ben atendernos nestas propostas.

SR. DOMÍNGUEZ OLVEIRA: Evidentemente estamos a falar do problema máis importante que hoxe temos na nosa cidade e en Galicia coma é o tema do paro e da creación de emprego. Xa antes o meu compañeiro fixo referencia diante desamoción en contra da reforma laboral do que pretende e o que quere levar adiante o Partido Popular.

A Sra. García dixo que esta é unha moción “de proposta e en positivo”. Realmente vostedes non se toman en serio o problema do emprego, seica están contentos de beneficiar a ese grupiño de grandes empresarios e o demais dálles igual.

O escrito de proposta do Partido Popular en materia de emprego ocupa exactamente sete liñas nunha moción. Isto é o que a vostedes lles preocupa o emprego. Na resolución din “Activar todos os servizos do Plan de emprego, facilitar o acceso aos emprendedores vigueses, implantar o tele-traballo. Como? Porque gustaríanos saber como o queren facer vostedes porque como o queiran facer como están a facer na Xunta de Galicia ou na Deputación, case é mellor que non presenten vostedes ningunha proposta para crear emprego nesta cidade.

Nesas bancadas escoitouse moito hoxe “traballar por Vigo” e, o mesmo que acaba de facer o BNG reclamándolle a este goberno local unha partida de cinco millóns de euros para un verdadeiro Plan de emprego, pídolle que como

concelleira de Vigo sexa quen de reclamar esa mesma cantidade á Xunta de Galicia e á Deputación para que incorporen nos orzamentos de 2012 unha achega ao Concello de Vigo de cinco millóns de euros cada un e teríamos un Plan de emprego municipal con quince millóns de euros co que estaríamos en condicións de dar traballo durante o ano 2012 a máis de 2.000 persoas desta cidade.

Iso é o que hai que facer porque os plans de emprego non se presentan no papel, preséntase con medidas pero tamén con cartos nos orzamentos e iso é o que o Bloque Nacionalista Galego lle esixiu a este goberno local.

Nós queremos un verdadeiro plan de emprego e por iso é outra das esixencias que lle imos facer ao goberno local na negociación dos orzamentos. Queremos un Plan de emprego que conte co beneplácito e que se xestione por todos os partidos políticos e con todos os sindicatos con representación municipal. Queremos que dende a propia sociedade elaborem un catálogo de postos de traballo para unha contratación laboral directa por parte do Concello para facer fronte ás necesidades que esta cidade ten e así impedir pequenas tentacións que algúns poden ter de privatizar certos servizos.

Queremos que por suposto nese Plan de emprego estea o Partido Popular e queremos ademais crear esa mesa de emprego para que todos e todas poidamos opinar e xestionar con claridade e con transparencia ese Plan de emprego que o BNG esixe para aprobar os vindeiros orzamentos. Sería unha gran noticia para esta cidade, Sra. Concelleira e Sr. Figueroa, que a Xunta de Galicia anunciase mañá mesmo que vai incorporar outros cinco millóns de euros a ese Plan de emprego e que a Deputación de Pontevedra fixese exactamente o mesmo. Os vigueses e viguesas entón si que entenderían que as administracións públicas están ao seu servizo e non ao servizo das cores políticas de quen as gobernan.

Esa é a diferenza entre o que vostedes propoñen e o que nós imos esixir e propoñer a este goberno local. Non imos aprobar esta moción, queremos que ese Plan de emprego se debata e se discuta nesa mesa de emprego onde todos esteamos representado e aí é onde cada quen ten que levar as súas iniciativas e así o faremos dende o BNG.

É a terceira vez que o repito: que gran noticia para a clase traballadora desta cidade sería poder dicirlles que entre a Xunta e a Deputación van ter dez millóns de euros máis para ese Plan de emprego e que con estas cantidades podemos crear máis de 2.000 postos de traballo neste ano 2012.

SR. RODRÍGUEZ DÍAZ: Na anterior moción, cando facía referencia a Sra. García Míguez a certas expresións, foron do máis desafortunadas posible. Descoñecemento por non dicir algo máis grave.

As organizacións sindicais xunto cos partidos políticos están consagradas na Constitución como elementos fundamentais da democracia e vostedes destilou odio cara as organizacións sindicais. Non queren nin soportan a alguén que lles critique ou que poña en evidencia as cousas que vostedes fan rematadamente mal.

A Unión Xeral de Traballadores e Comisións Obreiras o pasado día 19 convocaron a toda a clase traballadora e á cidadanía a mobilizacións en todo o estado que tiveron unha ampla repercusión e iso doeulle ao Partido Popular. Na nosa cidade milleiros de traballadores na rúa dicindo non á reforma laboral que impoñen vostedes para que todos se vaian á rúa e rebenten todos os dereitos conseguidos durante tantos anos.

Cando fala vostedes de mocións Sra. García, non se lembra que vostedes viñan metendo moción tras moción cando gobernaba Touriño na Xunta de Galicia e ata o 20 de novembro do ano pasado vostedes seguían metendo mocións contra Zapatero. Agora xa non meten ningunha cara o goberno central e o goberno da Xunta de Galicia.

Cando vostede ven con estas cuestións de emprego, xa lle dixen o outro día que en primeiro lugar tense que informar ben, ten que aprender disto; en segundo lugar ofrézolle unha visita guiada polos nosos Servizos de Emprego e en terceiro lugar Sra. Míguez, vostede e o seu grupo do Partido Popular teñen unha cara dura impresionante. No mes pasado vostedes votaron en contra dunha moción que presentaba este grupo municipal onde dicíamos “Solicitar da Xunta de Galicia os seguintes proxectos: Promoción da actividade de sociedades

cooperativas; dúas escolas taller; un programa integrado de emprego de Galicia. Pedíamos tamén que vostedes apoiaran proxectos coma a contratación de desempregados a través de Corporacións Locais; a orientación laboral e a formación profesional para traballadores desempregados. Iso votárono vostedes en contra.

Que nos ven agora contar, Sra. García Míguez? Cando están votando en contra de solicitar á Xunta de Galicia que ten as competencias en políticas activas de emprego? Repito que o que vostedes teñen é cara dura política.

En canto aos emprendedores, como xa lles dixen o mes pasado os orzamentos municipais están dedicados a activar emprego, todo é para a activación do emprego. Aos emprendedores en concreto 100.000 euros de subvención para 56 empresas que se crearon na nosa cidade. O que teñen vostedes para os emprendedores a carón do Concello, na Gota de Leite, é un fermoso cartel e sen ningún contido dentro.

Temos moi claro que a propia Xunta de Galicia, o propio Partido Popular o que pensan do emprego e das políticas activas de emprego é que do último goberno Socialista e do BNG no ano 2009 había 2.060 millóns de euros e co Sr. Feijóo no ano 2012 hai 335. Fíxense vostedes se baixaron en achegas. Ven vostede contármonos aquí unha película e fala de micro-créditos cando vostedes se cargaron Caixanova coa fusión. Onde lle imos pedir o micro-crédito? A Caixanova? Aí é onde se ve a súa política, por certo con centos de traballadores de Caixanova despedidos pola súa boa política de fusión.

Vostedes teñen 271.000 parados en Galicia, 150 parados diarios ten o Sr. Feijóo e non fan nada. O Goberno municipal ten todo o seu orzamento, 220 millóns de euros, co alcalde Abel Caballero ao fronte, destinados a que se cre emprego na nosa cidade. En vez de encontrar en vostedes un apoio para que a Xunta de Galicia poida investir aquí en políticas activas por número de parados, por número de habitantes, o que nos atopamos por parte de vostedes, Sra. García e Partido Popular, é cun rexeitamento aos parados e paradas desta cidade.

SRA. GARCÍA MÍGUEZ: Sr. Domínguez Olveira, o texto da moción ocupa sete liñas

pero é que vostedes non presentaron nin unha soa moción neste Concello para traballar polo emprego ou para favorecer o emprego. Ademais o importante é o fondo que non a forma.

Di que a Xunta e a Deputación incrementen o orzamento; pois pídao na Xunta e na Deputación, este non é o sitio para pedir ese investimento. Estamos a falar dun Plan de emprego, de tele-traballo para os funcionarios deste Concello, de micro-créditos porque non só está Novacaixa, está a Caixa... Hai moitos concellos que a pesar de que logo poida haber fusións ou non, aínda manteñen os convenios con entidades e é unha medida moi importante que debemos ter. Se a vostedes o único que lles importa é a Xunta e a Deputación me parece fenomenal, pero coido que a 33.000 parados na nosa cidade se lles debe respecto dende o noso Concello.

Vostede di que todo o presuposto é para emprego. É o 1% do presuposto soamente. No ano 2012 o único incremento que hai na partida presupostaria para emprego é de 150.000 euros para un novo convenio con Citroën que non sabemos nin de que vai, non temos a máis remota idea. Que o Sr. Domínguez pida cinco millos de euros para fomento e promoción de emprego na nosa cidade parécenos fenomenal, que recapacitara logo de estar catro anos gobernando cos socialistas porque vostedes tiñan un presuposto de 2.627.000 euros.

Cando vostedes gobernaban, Benestar Social tivo unha redución do presuposto o mesmo que Igualdade e Promoción de Emprego. En todas aquelas áreas que vostedes levaban reduciuse o presuposto e, agora piden cinco millóns? Alegrámonos enormemente de que apoie a proposta do Partido Popular e que traballe polo emprego na cidade de Vigo.

VOTACIÓN E ACORDO: Con catorce votos en contra dos membros do Grupo municipal do PSdeG-PSOE, señores e señoras Abelairas Rodríguez, Díaz Vázquez, Fernández Pérez, Lago Rey, López Font, Regades Fernández, Rivas González, Rodríguez Díaz, Rodríguez Escudero, Silva Rego e a Presidencia, e máis dos membros do Grupo municipal do BNG, señores e señora Alonso Pérez, Domínguez Oliveira e Veloso Ríos, e trece votos a favor dos membros do Grupo municipal

Popular señores e señoras Alonso Alonso, Álvarez Pérez, Araújo Pereira, Beiro Diz, Bernárdez de Dios, Cendón Alonso, Egerique Mosquera, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, García Míguez, Iglesias Bueno, Pérez Dávila e Relova Quinteiro,

ACÓRDASE:

Rexeitar a moción formulada pola concelleira do Grupo municipal popular, Sra. García Míguez, instando a activación dos servizos do plan de emprego e elaboración dun novo plan 2012-2014, co texto que se transcribe nos antecedentes deste acordo.

4.2.-(35).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL POPULAR INSTANDO AO GOBERNO MUNICIPAL A APERTURA DAS GARDERÍAS DE TOMÁS ALONSO E CASIANO MARTÍNEZ, ASÍ COMO A DESENVOLVER O PLAN DE ESCOLAS INFANTÍS. EXPTE. 405/1101.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 15 de febreiro, número 405/1101, o concelleiro do Grupo municipal do PP, Sr. Relova Quinteiro, formula a seguinte moción:

“O goberno de Abel Caballero prometeu en campaña electoral 47 garderías e aínda non hai ningunha en funcionamento.

Nais e pais das garderías de Tomás Alonso e Casiano Martínez viven enganados ante a incerteza de se abrirán ou non estas garderías no que xa vai de curso. Dende marzo que se abriu o prazo de inscrición e posteriormente as listas de admitidos, non tiveron ningunha información do futuro dos seus fillos nas mencionadas garderías, ocasionándolles diversos prexuízos.

Moitos dos afectados viven situacións moi complicadas debido a que están no paro, engadindo aínda máis problemas á súa situación familiar. Non se convocou o concurso para a dotación do mobiliario de ambas garderías, tampouco se contratou a xestión destas garderías

Por todo isto, o Grupo municipal Popular somete a consideración do Pleno a aprobación do seguinte acordo:

S. Ordinaria 27.02.12

Instar ao goberno do Concello de Vigo a que urxentemente abra estas dúas garderías e desenvolva o plan de escolas infantís en Vigo.”

A comisión informativa de Economía, Facenda e Educación, na sesión que tivo lugar o día 20 de febreiro, ditaminou favorablemente a anterior moción.

DEBATE.- SR. RELOVA QUINTEIRO: Moitas gracias, Sr. Alcalde de Vigo. Parabéns e benvido, querido Alejandro, ao noso Grupo Popular e agardo que os maiores deamos bos exemplos de aprendizaxe.

Hai agora un mes que o Grupo municipal do Partido Popular presentou unha moción sobre os terreos que vostede como alcalde lles prometeu ás nais e pais do colexio Altamar nos anexos do Museo Liste que ademais, por desgracia, pechou xa. Foron as nais e os pais os que nos pediron axuda e nos invitaron a coñecer a súa dramática situación.

Agora ocorreu o mesmo. Son as nais e pais afectados pola súa estraña decisión de non abriren as escolas infantís de Tomás Alonso e Casiano Martínez os que viron desesperados solicitar axuda diante do seu enigmático silencio.

Unha vez máis a imaxe do Partido Popular en Vigo como un partido de acción, traballo e sobre todo de saber solucionar os problemas, crece ante a sociedade que cada vez máis precisa do noso apoio fronte a escasa operatividade do goberno municipal carente de solucións fronte a un Vigo desolado pola crise.

A cidade queda illada e os problemas locais pasan a un segundo ou terceiro plano. Pérdese máis o tempo en atacar aos inimigos invisibles da cidade ou en negarse a dialogar cos actores institucionais para un rápido crecemento e saída da crise.

As nais e pais afectados das escolas infantís de Tomás Alonso e Casiano Martínez representaron unha vez máis o fracaso da súa política de promesas incumpridas. Estas persoas solicitaron información ao respecto á Concellería de Educación e tamén mediante escrito a vostede, Sr. Alcalde. Ninguén sabe nada e ninguén contesta nada, semella que isto é o habitual diante dos problemas da cidadanía. Voulle comentar para o seu coñecemento a situación na que se ven inmersas

S. Ordinaria 27.02.12

cento corenta familias. Vostede prometeu en campaña electoral corenta e sete novas garderías. A día de hoxe non funciona ningunha. De novo enfrontámonos ao terrible engano que padecen cento corenta familias.

No mes de marzo de 2011 anunciouse a apertura destas dúas escolas infantís, abriuse o proceso de admisión e en xuño publícase a lista de admitidos e anúnciase que comezaran a funcionar en setembro. Aquí comeza un complicado tramo para as cento corenta familias afectadas. Dende setembro se lles di que abrirán para o mes seguinte e así chegamos ata marzo. Mes tras mes crece a desesperación e a incerteza destas familias.

Ao pasaren os prazos oficiais das garderías, estas persoas non puideron optar nin sequera a solicitar praza en ningunha outra co que, literalmente, os seus fillos e fillas quedaron na rúa sen máis opcións, perdendo así un curso enteiro. Estamos en marzo.

Sr. alcalde, relátolle o perfil das súas novas vítimas. Son mulleres e homes mozos cunha media de máis de dous fillos e que, isto é o terrible, viven en situación de desemprego, co engadido de desestabilizar estes fogares que planificaran as súas vidas arredor da atención prestada nas escolas infantís, persoas que ao final se ven obrigadas a buscaren emprego e que por esta falla tan grave de responsabilidade dedican a maior parte do seu tempo a estaren totalmente pendentos dos seus fillos. Non poden levar unha vida normal, nin eles nin as súas familias ás que teñen que acudir continuamente para poder realizar traballos ou buscar emprego.

A pregunta é, decidiu abandonar a estas persoas nunha situación tan dramática? Váiselles dar algunha explicación? Decátase de que a apertura destas garderías tamén supón creación de emprego?

É urxente axudar a estas familias, dar unha solución e mesmo que o Concello, de non abriren as escolas infantís, lles axude dalgún xeito a solucionar a súa situación.

Por iso non só solicitamos que se abran urxentemente estas dúas garderías, tamén é urxente que se leve a cabo un plan de escolas infantís para todo Vigo, que se traballe nas necesidades da cidade e que se cumpran as súas promesas

S. Ordinaria 27.02.12

electorais, Sr. Alcalde. Vigo meréceo. Non podemos sentir esa horrible sensación de baleiro que inunda con pesimismo a nosa cidadanía.

SRA. VELOSO RÍOS: Efectivamente a escaseza e a necesidade de prazas públicas de escolas infantís é coñecida por todo o mundo.

Subliñar aquí que nós falamos de escolas infantís e gustaríame que o Sr. Relova, que ademais sei que pertence ao eido da educación, utilizase correctamente o termo e utilizase o termo escola infantil, non gardería porque non son lugares onde imos gardar os nenos, senón que son lugares que teñen unha función educativa evidente.

Por iso dende o Bloque Nacionalista Galego, cando gobernábamos na Xunta de Galicia, creamos unha rede pública de escolas infantís de calidade na que a función educativa era fundamental, ademais de ser por suposto un servizo público de conciliación da vida laboral e familiar. Dende a Xunta de Galicia que ten competencias educativas, é preciso reforzar e ampliar esa rede galega de escolas infantís.

Cando chegou ao goberno da Xunta de Galicia o Partido Popular, había oitenta e cinco escolas infantís, practicamente 4.000 prazas para nenos e nenas. Agora mesmo na lista de agarda para as escolas infantís da Xunta hai 3.600 familias. Así que estamos moi satisfeitos de veren que o Partido Popular amosa un compromiso coas necesidades das familias en canto a prazas de escolas infantís. Agardamos que iso se traduza nesa operatividade, nesa escoita da cidadanía, nese traballo e nesas respostas ás necesidades da cidadanía abrindo escolas infantís dende a Xunta de Galicia que é quen ten competencias para o facer. Pero como non o fai moitos concellos deste país vense obrigados a abrir escolas infantís municipais, como moitos outros servizos públicos que deberían ser competencia da Xunta, pero que pola súa escaseza teñen que se ver asumidos polos concellos.

Neste caso estamos falando de escolas infantís municipais e o BNG sempre se mostrou comprometido coa necesidade de abrir esas escolas públicas, de feito no mes de setembro neste Pleno aprobouse unha modificación orzamentaria

para facer fronte ao pagamento dunha sentenza urbanística, Sentenza Miraflores, na que o goberno local pretendía eliminar as partidas de construción de escolas infantís e o BNG, por suposto, non admitiu esa modificación orzamentaria ata que as partidas das escolas infantís se mantiveron para garantir esa necesidade para toda a cidadanía.

Logo do mes de setembro e de estaren garantida a construción de escolas infantís nesta cidade, o alcalde contratou a construción de dúas escolas infantís máis, a de Navia e a da Doblada, e anunciou efectivamente que estaban a piques de abrir as escolas infantís de Casiano Martínez e de Tomás Alonso.

Nese momento non fixo ningún tipo de referencia a que houbo ningún problema coa concesión de licencia por parte da Xunta, que non sabemos se está concedida ou non, e a realidade é que se abriu o prazo de inscrición para que as familias puidesen solicitar prazas nesas escolas infantís. A día de hoxe as escolas non están abertas e nin sequera está contratada a súa xestión.

O BNG evidentemente vai apoiar a demanda de abrir esas escolas infantís e de que se cre un plan de escolas infantís para a cidade de Vigo asumíndoo quen o teña que asumir, sexa Concello, sexa Xunta de Galicia que é quen ten competencias. Pero ademais tamén lle queremos pedir a este goberno local responsabilidade e honestidade.

Non é de estrañar a desconfianza da cidadanía ante a clase política cando se toman decisións dende os gobernos que logo non se manteñen, non se cumpren e que afectan dunha maneira tan grave á vida das persoas. Estamos falando dun servizo público ao que imos levar aos nosos fillos e fillas para que reciban unha educación nun momento básico da vida, pero que tamén é un recurso de conciliación da vida laboral e familiar imprescindible para se reincorporar ao traballo as nais, para permanecer no traballo, tamén para as nais e para os pais, e para buscar traballo no caso das persoas que están no paro; para ter formación para poder buscar traballo. O feito de que chegue o momento de incorporarse ao traballo ou do buscar e non teñamos onde deixar aos nosos fillos e fillas, é un problema moi grave para moitas familias.

Así que pedimos tamén responsabilidade porque facer política non é ir facer unha

foto.

SRA. DÍAZ VÁZQUEZ: Cando hai catro anos e medio o alcalde, D. Abel Caballero, se fixo cargo da Alcaldía desta cidade, atopouse cunha rede de escolas infantís composta unicamente por catro escolas infantís municipais e algunhas da Xunta de Galicia. Non había por riba da mesa ningún proxecto, estudo ou proposta de facer algunha escola infantil adicional por parte do Concello.

Examinando esa situación e por mor da gran demanda que existía sobre todo de escolas infantís, púxose en marcha un plan de escolas infantís que contemplaba tanto a construción como a ampliación de novas escolas infantís.

Dende ese momento puxemos en marcha a construción. Comezamos pola construción das escolas infantís de Tomás Alonso e Bouzas, de xeito que se partíamos dunha situación de 328 prazas de escolas infantís municipais, incrementaríamos a oferta en 164 prazas. O prazo para a construción destas obras contemplado era outubro de 2011 e así saíu unha convocatoria para que se admitiran as prazas para esas escolas infantís.

Pero nos atopamos con que unha vez rematadas as obras e solicitado o permiso da Xunta, esta denegouno argumentando que esas escolas infantís non cumprían coas necesidades básicas establecidas. Sorprendeunos porque o proxecto si estaba aprobado e polo tanto, como un proxecto tecnicamente aprobado agora non pasaba polo visado da Xunta de Galicia?

Tivemos diversas reunións coa Xunta de Galicia. Esixíanos unha serie de obras que nós coidábamos que non eran necesarias e chegamos a un acordo. Nese acordo decidimos facer unha serie de obras moito menores das que eles en principio nos esixían. Estas obras a día de hoxe están rematadas e novamente solicitamos o permiso da Xunta de Galicia que de momento non nos concede. Polo tanto estamos á espera da concesión da autorización da Xunta de Galicia para poder abrir esas escolas.

Por outra banda nos atopamos tamén con que xa estaba consignada nos orzamentos a apertura e a xestión desas escolas. Comezamos o expediente de xestión da concesión desas escolas pero de momento este ano nos atopamos

S. Ordinaria 27.02.12

cun orzamento prorrogado e así, aínda que o expediente está iniciado, non pode seguir os seus trámites porque non se pode facer o RC complementario para a concesión das escolas. En calquera caso acabamos de aprobar as condicións de aceptación para a escola infantil.

Teño que dicir que algúns datos que se deron aquí son incorrectos, non sei se por descoñecemento ou por mala fe. Cando saíu a convocatoria das escolas de Tomás Alonso e Casiano Martínez díxose moi claro e consta na documentación, que “O curso escolar comezará o día 6 de setembro en todas as escolas da rede, agás na escola infantil de Tomás Alonso e na de Bouzas”. Polo tanto xa se anunciaba que non se podería comezar o 6 de setembro porque esas escolas non estaban rematadas. Si existía un coñecemento de que había un certo atraso con respecto a estas escolas.

En calquera caso sabemos da incomodidade dos pais e nais que contaban cunha apertura da escola para a que a Xunta non nos deu autorización. Sendo conscientes desta situación acabamos de aprobar un regulamento para a admisión de prazas para o ano que ven no que se contempla expresamente que aqueles que están admitidos para o curso 2011-2012, que non puideron facer a súa matrícula porque aínda non estaba aberta a escola, poderanse matricular directamente no curso 2012-2013. Non terán que cumprir ningún requisito de admisión porque poderán pasar definitivamente.

En calquera caso eu nesta moción boto algo en falta: que a Xunta de Galicia tamén prometeu escolas infantís, tamén prometeu entre outras cousas que se abriría aquí na “Gota de Leche” unha escola infantil. Tampouco sabemos nada sobre este tema.

A Xunta de Galicia prometeu tamén cinco comedores escolares pero aínda non sabemos nada deles.

A Xunta tamén acaba de dobrar os prezos das escolas infantís. Agora xa sei por que a xente se quere matricular nunha escola infantil municipal: porque paga a metade do que paga nunha escola infantil da Xunta de Galicia.

Acabamos de ver que a Deputación de Pontevedra nas súas escolas infantís tamén acaba de dobrar os prezos e que lles esixe aos rapaces que paguen eses

prezos.

Por iso, xa que nós de xeito inminente imos proceder á apertura destas dúas escolas infantís en canto a Xunta nos conceda autorización, en canto se aproben os orzamentos, o que propoño é unha emenda de substitución que diga: “Instar ao goberno do Concello de Vigo e á Xunta de Galicia a que urxentemente abran as garderías comprometidas e desenvolvan un plan de escolas infantís en Vigo”.

SR. RELOVA QUINTEIRO: Dicirlle en primeiro lugar á Sra. Veloso que son do século pasado e aínda con certo cariño lles chamo garderías, pero sei moi ben que son escolas infantís. Prégolle que me desculpe.

Como xa pasamos a noite dos “Óscar”, gustárame titular a intervención de D^a Raquel Díaz como “Mentiras arriscadas”. Menos mal que están aquí os pais.

A nosa misión dende a oposición, Sra. Díaz, de verdade, é a lealdade e a responsabilidade.

O Partido Popular non prometeu as súas corenta e sete garderías. Non fagan oposición nin desvíen a atención; non xoguen a facer oposición á oposición. Gobernen Vigo, traballen por Vigo, humanicen Vigo no sentido auténtico da palabra humanizar á nosa sociedade, con educación e cultura e en igualdade de condicións.

Con que conciencia se pode condenar a 140 familias a non saber que será dos seus destinos ou os dos seus fillos. É demasiada a frivolidade coa que se toman os problemas dos veciños desta cidade.

O Colexio Altamar suma máis de duascenas familias prexudicadas unha vez máis polos seus falsos problemas. Agora son cento setenta as familias afectadas polas escolas infantís. Vostede non suma senón que resta, pero a cidadanía si sabe botar contas e si sabe quen conta a verdade e quen engana e tamén sabe quen axuda a solucionar os problemas. Pasamos xa da época do país das “zapatero-marabillas”, agora toca falar da verdade, da realidade e do goberno desta cidade.

Dígolles con sa ironía que eu coñecía os complexos de Edipo, de Electra, pero algúns de vostedes inventaron o síndrome de Alberto, algúns de vostedes soñan

co presidente da Xunta, serían felices traballando con el. Non me estraña, o Sr. Núñez Feijóo é un tipo brillante coa cabeza ben amoblada e sobre todo é un líder que une e traballa e ademais non mente.

Lémbrolles tamén que houbo un convenio co Consorcio Galego de Benestar que nunca se quixo asinar polo Concello, catro escolas infantís que quedaron no ar.

Digan e conten a verdade, non desvíen a atención co problema do complexo de Alberto. Non somos a cidade do “Calimero”, o pito negro coa carapucha branca que sempre dicía: “Son un incomprendido”. Non nos fai falla coaching persoal como a vostedes. Sabemos que esta cidade está moi forte co apoio do Partido Popular porque nós contamos a auténtica verdade e loitamos dende a oposición con lealdade e responsabilidade.

A PRESIDENCIA: Presentouse unha emenda de substitución que non se acepta polo Grupo Popular. Pasamos a votar a moción nos seus propios termos.

Emenda de substitución formulada in voce pola concelleira do Grupo Socialista, Sra. Díaz Vázquez, durante o curso do debate:

Instar ao Goberno do Concello de Vigo e á Xunta de Galicia a que urxentemente abran as garderías comprometidas e desenvolvan un plan de escolas infantís en Vigo.

Ao non seren aceptada a emenda polo relator da moción, a Presidencia non a somete a votación.

No momento da votación está ausente o Alcalde, Sr. Caballero Álvarez. Preside a sesión a tenente de Alcalde Sra. Silva Rego

VOTACIÓN E ACORDO: Por unanimidade dos vinteseis membros presentes da Corporación, dos vinteseite que a constitúen de dereito e de feito,

ACÓRDASE:

Aprobar a moción formulada polo concelleiro do Grupo municipal Popular, Sr. Relova Quinteiro, instando a apertura urxente de garderías e desenvolver o plan

de escolas infantís en Vigo, co texto que se transcribe nos antecedentes deste acordo.

4.3.- (36).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL POPULAR INSTANDO AO GOBERNO MUNICIPAL A APROBAR O SEU COMPROMISO DE ESTUDAR A MELLORA DE CALIDADE E ORGANIZACIÓN DA ESCOLA DE ARTES E OFICIOS. EXPTE. 406/1101.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 15 de febreiro, número 406/1101, o concelleiro do Grupo municipal do PP, Sr. Relova Quinteiro, formula a seguinte moción:

"A Escola de Artes e Oficios segue sendo un dos referentes e sinais de identidade dentro do noso patrimonio histórico e educativo en Vigo. O 26 de setembro de 1886 tivo lugar a fundación da Escola de Artes e Oficios. Presidiu o acto o ex ministro de Fomento D. Eduardo Chao, "presidente honorario da escola e acompañábanlle os señores don Augusto Bárcena, presidente efectivo daquel centro de ensino, e D. Manuel Diego Santos que o é da sociedade de socorros A Cooperativa, iniciadora de tan útil mellora para as clases traballadoras".

Ao seu carón achábanse membros da xunta directiva da Cooperativa e o claustro de Profesores.

A Escola de Artes e Oficios tivo a súa primeira sede na rúa do Circo, hoxe Eduardo Igrexas, número tres, un edificio propiedade de Augusto Bárcena, que construíu expresamente para sede da Escola, segundo fai constar José Hervada na súa Historia da Escola de Artes e Oficios de Vigo.

O grupo municipal de Partido Popular cre que un mellor modelo educativo mellorará tanto a organización como a imaxe da escola. A nosa proposta baséase nunha organización que se articula na pedagogía e na democratización dos futuros órganos dun centro educativo que non supón ningún gasto nos orzamentos da escola.

Por todo isto, o Grupo municipal Popular somete a consideración do Pleno a aprobación do seguinte acordo:

Instar ao goberno municipal a que aprobe o seu compromiso de estudar una

S. Ordinaria 27.02.12

proposta de mellora de calidade e organización da Escola de Artes e Oficios de Vigo e que sexa posta en coñecemento dos traballadores e padroado da mencionada escola, co fin de aplicalo o máis rápido posible.”

A comisión informativa de Economía, Facenda e Educación, na sesión que tivo lugar o día 20 de febreiro, ditaminou favorablemente a anterior moción.

DEBATE.- SR. RELOVA QUINTEIRO: Esta é unha frase de Michael Kerber que lle ía dedicar ao Sr. Alcalde por seren economista, pero aínda que non estea vouna dicir igual: “Un emprendedor ve solucións aló onde outros ven só problemas”.

Dende o Grupo municipal do Partido Popular intentamos facer unha oposición leal, responsable e construtiva. Precisamente é a responsabilidade e o recoñecemento do prestixio da Escola de Artes e Oficios e o seu exemplar profesorado o que nos leva presentar esta moción. Non pretendemos inventar nada novo, nin tampouco facer unha lista de correccións na EMAO, nin sequera entrar xulgar o que coidamos un labor extraordinario deste centro fronte á sociedade, pero o que si é preocupante son os importantes deterioros que vemos en diferentes aspectos. Non desexamos expoñer un relato crítico porque coidamos que é o noso deber defender a escola polo seu significado histórico e o seu labor educativo e porque cremos que é unha das institucións que máis prestixian ao noso Concello e á nosa cidade.

Nos antecedentes da moción dise moi claramente que solicitamos que se aprobe un compromiso por parte do Pleno de estudar unha proposta de mellora na calidade e organización da Escola de Artes e Oficios. Esta proposta baséase na total dispoñibilidade do noso grupo a crear, conxuntamente cos concelleiros do PSOE e do BNG, unha comisión para establecer pautas nos ámbitos da mellora das condicións laborais do profesorado e equilibrar por igual as oportunidades nas súas retribucións, así como unha mellor planificación no que respecta aos horarios, tanto dos docentes como do alumnado, tendo en conta aspectos como a conciliación familiar e laboral.

Fíxose un grande esforzo pola mellora dos plans curriculares e establecéronse pautas que deberían acadar o máximo posible, pero coidamos que lle debemos

dar un pulo á escola e rectificar nalgunhas cuestións de organización interna.

Nos catro anos anteriores levouse a cabo un grande esforzo por elevar o nivel da escola e mellorar a organización, esforzo que se desenvolveu baixo a dirección da anterior concelleira e a absoluta entrega do BNG e PP.

Fai falla pois, dadas as características singulares da EMAO, dotala dun marco de organización, funcionamento e goberno diferenciado dos centros docentes públicos que imparten ensinós de réxime xeral. Isto implica que a escola precisará dunha regulación específica que lle permitirá poñer en marcha dinámicas de funcionamento propias nas que se concreten tanto os aspectos relacionados co seu goberno e administración, como aquelas de tipo organizativo que permitan realizar de xeito singular as actualidades académicas e artísticas propias deste centro.

A finalidade desta proposta é organizar os criterios comúns para a organización e funcionamento da EMAO, tanto no pedagóxico, a través da elaboración dos seus proxectos educativos, como da elaboración das súas normas de organización e funcionamento. A finalidade é garantir a calidade e a realización de avaliacións internas por parte do centro e externas baixo a responsabilidade do Padroado e do Concello de Vigo. Por exemplo e neste caso, que se abra a actual exposición que permanece pechada ao público e que se apoién os actos que se organizan dende dentro da escola.

Nesta proposta, que digo que hai que matizar e perfilar porque non é unha proposta particular, débense crear órganos de goberno unipersonais que estean referidos verdadeiramente a todo o que ten que ver co pedagóxico, dende a Dirección, Xefatura de Estudos e Secretaría. Existe xa un director e un xefe de estudos, pero ningún deles exerce a docencia na escola. Poderíase respectar a actual figura do director-coordinador da escola, pero isto non impide que exista un director pedagóxico que asuma funcións de verdadeiro goberno no organigrama da escola e, o máis importante, que sexa elixido polo profesorado entre os membros do claustro e Consello Escolar.

O equipo directivo é o órgano executivo de goberno da escola (sempre me refiro no relacionado co pedagóxico), estando integrado polos órganos unipersonais de

gobierno que traballarán de xeito coordinado para acadar os obxectivos do proxecto educativo e a calidade da oferta formativa.

Órganos colexiados poderían ser dentro da EMAO os seguintes: Consello Escolar e Claustro docente. Un Consello Escolar que debería ser o órgano de participación no control e goberno da EMAO coa representación dos distintos sectores da comunidade educativa; a Dirección do centro, Xefatura de estudos, representante do Concello de Vigo, alumnado, administración e servizos.

Creo que hai que potenciar o Claustro, a Dirección, etc., sempre dende unha perspectiva pedagóxica. Ademais tamén coido que se deberían crear departamentos didácticos, comisión de coordinación pedagóxica, equipo de dinamización da lingua galega, equipo de actividades culturais; potenciar as titorías.

A EMAO debería ser un centro cultural dinamizador na sociedade viguesa e galega. Habería que dar a coñecer o edificio a través do traballo da comunidade académica da escola que é realmente espectacular; cursos, conferencias, clases abertas, guías pedagóxicas, etc.

SRA. VELOSO RÍOS: Estou impresionada coa exposición do Sr. Relova onde, máis aló da política, efectivamente fai toda unha serie de propostas concretas para esa comisión técnica que debería dirixir a Escola de Artes e Oficios. Mágoa que non houbera unhas propostas tan claras cando o Partido Popular gobernaba nesta cidade porque os problemas da EMAO non veñen de onte precisamente. Todos sabemos que a Escola Municipal de Artes e Oficios é unha institución senlleira desta cidade na que tivemos responsabilidade de goberno todas as forzas políticas que estamos aquí representadas con diferente interese por ela. Por desgracia o Partido Popular cando lle correspondeu non amosou tanto interese como amosa agora, nin tivo as ideas tan claras para solucionar os problemas da Escola de Artes e Oficios.

A realidade é que agora mesmo tamén é certo que a Escola de Artes e Oficios está pasando dende hai un tempo por unha situación preocupante. Xa o Bloque Nacionalista Galego denunciou a súa percepción dun certo desleixo por parte

deste goberno municipal que se está demostrando coa Escola de Artes e Oficios e con outras institucións importantes da nosa cidade.

Xa no mes de outubro chamamos a atención sobre o feito de que comezara o curso na Escola Municipal de Artes e Oficios e non se convocara ningunha reunión da Xunta Reitora ata posteriormente. De feito nas xuntanzas que houbo dende que comezou o curso non se trataron máis ca temas de xestión, non se trataron temas básicos de organización desta escola.

Atopamos un desinterese semellante ao que xa se amosou por exemplo co Centro de Artesanía Tradicional. Nesas épocas vimos como o alumnado dese Centro estaba facendo os seus obradoiros de cestería na rúa do Príncipe. A verdade é que moito nos tememos que, como as cousas segan así na Escola Municipal de Artes e Oficios, acabaremos vendo tamén algún obradoiro de coiro ou de ourivería na rúa do Príncipe.

O compromiso deste goberno coa Escola Municipal de Artes e Oficios é realmente escaso. De feito, cando solicitamos a comparecencia da concelleira de Educación no Pleno do mes de setembro, a EMAO estivo absolutamente ausente da intervención da concelleira de Educación que non fixo nin unha soa referencia a unha escola municipal tan importante como é a Escola de Artes e Oficios da nosa cidade. Todo isto ademais nun ambiente de desconexión absoluta entre os representantes na Xunta Reitora da EMAO e unha falla de diálogo total dentro do claustro.

Houbo unha serie de modificacións importantes, modificacións horarias, modificacións no número de alumnado de determinados cursos; houbo un aumento do número de alumnos e alumnas nos cursos de pintura e artesanía en coiro sen que se incrementasen as dotacións, algo que evidentemente prexudica a calidade do ensino; as modificacións horarias provocan constantemente queixas e conflitos entre o profesorado e mesmo houbo tamén unha desconexión e unha falla de comunicación evidente cos representantes sindicais habendo en ocasións agardas de catro meses para obter unha entrevista coa concelleira responsable por parte dalgunha representante sindical.

Todas estas situacións parécennos realmente graves. Está claro que provocan un

perda moi importante da calidade do ensino na Escola Municipal de Artes e Oficios. Ademais provocan unha perda de prestixio nunha escola que debería ser referente para a nosa cidade e fóra dela tamén pola calidade de moitos dos traballos que se fixeron ao longo de todos estes anos.

Estamos de acordo en que hai que apostar pola mellora da calidade e da organización da Escola de Artes e Oficios. Hai que apostar polo diálogo co profesorado, cos representantes sindicais e con todos aqueles axentes sociais e evidentemente cos membros da Xunta Reitora da Escola e que cando antes de aplique ese compromiso. Non vou dar aquí as propostas técnicas que habería que facer porque creo que esta é unha discusión política e esta decisión de non apostar pola Escola Municipal de Artes e Oficios tamén é unha decisión política que é a que nós criticamos.

Evidentemente imos apoiar que se modifique esta actitude por parte do Goberno local e que se aposte realmente pola Escola de Artes e Oficios.

SRA. DÍAZ VÁZQUEZ: En primeiro lugar quixera agradecer as palabras do Sr. Relova recoñecendo todo o que se fixo pola Escola Municipal de Artes e Oficios nestes últimos catro anos e manifestar a miña discrepancia coa Sra. Veloso polo que podo cualificar nalgún caso coma unha pequena mentira. Por exemplo a recepción da representante sindical foi en vinte e catro horas, non se tardaron catro meses.

O que si quixera lembrar é como estaba a situación hai catro anos e medio, como recibiu este Goberno a Escola de Artes e Oficios. Atopámola cun profesorado eventual asociado a planes anuais, tal como di o informe “cunha indefinición de identidade da Escola”, cunha fonda crise laboral consecuencia das formas de contratación do profesorado ano a ano, porque a EMAO non era máis que unha suma de talleres cunha relación moi feble entre eles. Non existía unha organización pedagóxica, nin programas de formación, nin procedementos administrativos normalizados, non había dotacións nos talleres, non había un plan de estudos, era todo un comportamento moi endogámico para os alumnos. Non había unha relación de postos de traballo, nin sequera unha catalogación

dos fondos bibliotecarios.

O que se decidiu nestes catro anos entre outras cousas foi crear unha nova escola de música tradicional cun cadro de profesorado estable con dedicación a tempo total e cun plan de estudos normalizado. Puxéronse en marcha sistemas normalizados de selección de profesorado, púxose en marcha todo un proceso de regularización para evitar a conflitividade xurídico laboral, establecéronse por primeira vez horarios, dedicacións reais para o persoal docente, ocupación en horarios lectivos, clases presenciais, titorías. Normalizouse o réxime de xuntanzas, redactouse o regulamento da biblioteca, realizouse o inventario.

O que di de que non había dotación é falso porque se renovou toda a maquinaria, mobiliario, dotación. E púxose en funcionamento o Claustro que a partir de agora é quen toma as decisións académicas. Creouse a función de xefatura de estudos que antes non existía. Estableceuse un sistema de control de asistencia do alumnado, de normas de promoción, de titorías. Dotáronse as aulas con sistemas audiovisuais, creouse un programa de formación permanente para o profesorado. Pero o máis importante é que por primeira vez nos 150 anos de funcionamento da Escola, fíxose un plan de normalización curricular, un plan de estudos a tres anos cunha estrutura curricular. Normalizáronse todas as especialidades, a carga lectiva, os programas, os horarios e creáronse ademais materias complementarias propias a cada un dos distintos itinerarios. Por primeira vez tamén establecéronse os estudos de posgrao.

Quero ler as palabras da Sra. Larriba cando se decidiu aprobar este plan curricular na EMAO. O 14 de xullo de 2008, nesa Xunta Reitora onde se aproba este plan e se pon en marcha todo este programa por unanimidade, a Sra. Larriba di que quere trasladar a importancia que o Grupo Popular dá a este documento que é imprescindible e que se congratula polo intento de potenciar a Escola.

Polo tanto quedou claro que nestes catro anos o que fixo o Goberno foi potenciar a Escola e é o que continuamos a facer unha vez que comezou o curso en que puxemos en marcha de novo o plan curricular porque unha vez que este plan está aprobado xa non é necesario aprobalo ano tras ano. Estamos nese plan de

S. Ordinaria 27.02.12

tres anos, precisamente finaliza este ano o período de tres anos e é agora cando temos que avaliar e valorar se todas as materias complementarias funcionaron, se funcionou o sistema de horarios, o sistema de titorías, se todo ese plan de estudos funcionou.

Por suposto que quedan cousas por facer, pero igual que eu sei que este plan curricular aprobouse por unanimidade e tivo o acordo de todos, e falo de profesorado, de alumnado, de representantes dos partidos Popular, BNG e Partido Socialista, estou segura de que a valoración que fagamos do plan curricular e a proposta dese plan que se faga definitiva, unha vez máis contará coa unanimidade de todos.

SR. RELOVA QUINTEIRO: En efecto eu resumín nunha soa frase o que vostede ven de dicir: os catro anos dun grande esforzo e ademais dun equipo unido do BNG, PSOE e PP, no que a nosa compañeira Sra. Larriba, agora no Senado, fixo un traballo de apoio excepcional e coido que de dignificación da Escola, polo que hoxe temos un produto realmente increíble.

Pero tamén lembraremos todos os que estamos hoxe aquí presentes membros do Padroado, o relato crítico e dramático que un profesor, que falaba como representante do claustro, fixo na primeira xuntanza que realizou o Padroado neste curso expoñendo unha situación moi rechamante. Dende o Grupo municipal do PP tentamos coñecer a problemática e foi imposible, sempre se nos puxeron trabas para poder desenvolver un coñecemento obxectivo da situación.

Recordaremos todos que nunca se nos convocou a unha xuntanza ordinaria, sempre extraordinaria e urxente co que non se podía intervir. Foi a partir deses momentos cando comezamos preocuparnos pola Escola e polo seu futuro.

Precisamente vostede mencionou o informe de dona Laura López Atrio, que eu tamén teño, pero esqueceuse da parte que lles encomenda a vostedes como goberno porque ela abandona as súas tarefas como concelleira de Educación e o primeiro que di é: "...O escenario futuro debería pasar pola firme vontade municipal de renovación e ampliación da Escola de Artes e Oficios para situala no nivel que unha cidade como Vigo require, converténdoa nun referente en Galicia

da formación libre, non regulada en materias de artes e oficios artísticos”. E o goberno quitoulle 85.000 euros do seu presuposto.

Ademais diso dona Laura di que na convocatoria de oferta pública de emprego se doten definitivamente as prazas vacantes e as ocupadas de forma interina. Vimos como algunhas persoas non se substitúen, ademais de outros problemas nos que hoxe non quero incidir polo negativo e si en todo o positivo. Non imos dar unha imaxe mala da Escola porque nin o merece nin a ten pero o informe tamén fala da “...elaboración dun plan de rehabilitación, readaptación e modernización integral das instalacións”. Isto está asinado en maio de 2011 e fala tamén da “...elaboración dun regulamento de réxime interno definitivo que refunda as normas provisionais actuais e aproveite a experiencia da xestión dos últimos anos. Un convenio de integración da EMAO na xestión directa do Servizo de Educación”.

Estamos na plena e total dispoñibilidade como nos catro anos anteriores de elevar a unha categoría máxima de calidade e de excelencia esta Escola que creo que o merece, sobre todo os seus traballadores, o seu alumnado e o persoal administrativo. Historicamente é un sinal de cultura e de avance que nos levaría do século XX ao XXI porque estamos un pouco ancorados. Levemos a Escola, que é do noso Concello de Vigo, ao lugar que lle corresponde.

VOTACIÓN E ACORDO: Por unanimidade dos vinteseite membros presentes da Corporación que a constitúen de dereito e de feito,

ACÓRDASE:

Aprobar a moción formulada polo concelleiro do Grupo municipal Popular, Sr. Relova Quinteiro, instando un compromiso de estudo e mellora de calidade e organización da Escola Municipal de Artes e Oficios, co texto que se transcribe nos antecedentes deste acordo.

4.A. MOCIÓNS URXENTES

Non se presentaron.

S. Ordinaria 27.02.12

5.-(37).- FORMULACIÓN DE ROGOS.

- * ROGO DO CONCELLEIRO DO GRUPO POPULAR, SR. ARAÚJO PEREIRA, EN RELACIÓN COA DEVOLUCIÓN DE AVAIS ÁS COMISIÓN DE FESTAS.

SR. ARAÚJO PEREIRA: Fomos informados por varias comisións de festas desta cidade dos atrasos na devolución de avais que se lles solicitaron por este Concello para recibir os permisos para a realización de certas festas.

Pregamos encarecidamente que se devolvan o máis axiña os devanditos avais e se nos informe do procedemento e a xustificación legal dos mesmos para a resolución dos permisos e a devolución de avais.

A PRESIDENCIA: Moitas gracias. Tomamos nota e contestaráselle.

6.-(38).- FORMULACIÓN DE PREGUNTAS.

- * PREGUNTA FORMULADA POLO CONCELLEIRO DO GRUPO POPULAR, SR. BERNÁRDEZ DE DIOS, RELATIVA AS ENTIDADES, COLECTIVOS, ETC. QUE SE BENEFICIARON POR MOR DA PRÓRROGA DA CONCESIÓN ADMINISTRATIVA DO SERVIZO DE AUGAS.

SR. BERNÁRDEZ DE DIOS: Por mor da prórroga da concesión administrativa da xestión integral do Servizo de abastecemento e saneamento de augas, no punto quinto do acordo reza a achega dunha cifra anual de 180.000 euros con destino ao co-financiamento das demandas cidadás en aspectos sociais, culturais e deportivos.

Como esta prórroga se asinou no ano 2011, pedimos ao goberno que nos detalle cales foron as sociedades, as entidades, os colectivos, os equipos sociais, culturais e deportivos que foron agraciados co reparto destes 180.000 euros nese ano 2011 e cal é a previsión que ten o goberno para destinar os 180.000 euros

S. Ordinaria 27.02.12

neste ano 2012.

A PRESIDENCIA: Moitas gracias. Contestaráselle por escrito.

* REITERACIÓN PREGUNTA DA CONCELLEIRA DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG, SRA. VELOSO RÍOS, RELATIVA AO LOCAL PARA A FUNDACIÓN IGUALARTE.

SRA. VELOSO RÍOS: Gustaríame insistir nunha pregunta que presentei xa nos Plenos de decembro e xaneiro sobre a situación da cesión do local para a Fundación Igualarte, outro dos exemplos como o do que falábamnos antes das escolas infantís onde as consecuencias de cumprir ou non determinados compromisos son especialmente graves para as persoas.

Gustaríame recibir unha resposta por escrito como corresponde ás preguntas feitas nos plenos de decembro e xaneiro.

A PRESIDENCIA: Contestaráselle tal e como vostede demanda.

* PREGUNTA DO CONCELLEIRO DO GRUPO POPULAR, SR. RELOVA QUINTEIRO RELATIVA Á APERTURA DE ESCOLAS INFANTÍS.

SR. RELOVA QUINTEIRO: Sinxelamente preguntar para responder aos pais e nais das escolas infantís que que data se pode adiantar sobre a apertura destas escolas infantís.

A PRESIDENCIA: Coido que xa houbo unha moción sobre isto. Tomamos nota.

E sen ter máis asuntos para tratar, o Sr. Presidente deu por rematada a sesión, ás once horas e cincuenta e cinco minutos, da que se redacta a presente acta; como

S. Ordinaria 27.02.12

secretario dou fe do seu contido e incorpórase ó libro de actas do Pleno autorizada coa miña sinatura e máis a do Excmo. Sr. Alcalde-Presidente, conforme ó previsto no artigo 110.2 do RD 2568/1986.

kv.

O ALCALDE,

O SECRETARIO XERAL DO PLENO,

Abel Caballero Alvarez

José Riesgo Boluda.

S. Ordinaria 27.02.12